

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de setembro de 2008

ASISTENTES:
Membros :

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día quince de setembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1384).- ACTA ANTERIOR. Aprónbase as actas da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1385).- DAR CONTA DAS SETENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

a) Auto do TSXG Sala do Contencioso-Administrativo Sección Primeira RC-A nº 941/2004 p.o. Demandante: Concello de Vigo. Obxecto: Acto da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, de data 11.10.04, sobre depósito dun ungüentario achado na r/Areal. Rematado o procedemento.

b) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 14/08 p.a. Demandante: Corepin, S.L. Obxecto: Sanción de tráfico. Expedientes 0786651321 e 078651320. Desestima o recurso.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 25/08 p.a. Demandante: D. Juan Carlos Clemente Pérez. Obxecto: Desestimación “presunta” de reposición en reclamación patrimonial (expte. Nº 1343/243). Desestima o recurso.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 27/2008 p.a. Demandante: Gremasa Mos, S.A. Obxecto: Resolución do Tribunal Económico-Administrativo local do Concello de Vigo de data 21.11.07 (expte. 975/550), inadmisibilidade de reclamación contra notificación de embargo e procedemento executivo por iae 2003-2006. Inadmite o recurso.

e) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 34/2008 p.o. Demandantes: “Unión de Consumidores de Pontevedra” e “Asociación Profesional de Peritos Inmobiliarios”. Obxecto: Sesión plenaria do 29-12-2007. Inadmite o recurso.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 41/2008 p.o. Demandante: Xunta de Galicia. Obxecto: Liquidación IBI 2003. Sentenza nº 142, do 7 de maio de 2008.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 46/2008 p.a. Demandante: D. Fernando Recondo Ruíz. Obxecto: Xunta Goberno local 20/06/07, reclamación patrimonial 918/243 . Pretensión de 4.971,48 €. Desestima o recurso.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 54/2008 p.a. Demandante: D. José Quintans Hermida. Obxecto: Sanción de tráfico. Expte. 078664057. contía 91 €. estacionamento en parada de bus. Desestima o recurso.

i) Auto do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 67/2008 p.a. Demandante: D. Juan José Ferro Vázquez. Obxecto: Acto da Xunta Goberno Local do 23/05/2007, sobre sentenza de persoal, axudantes de oficios. Desestimento do autor.

k) Sentenza do TSXG no rec.apelación nº 4372/2006 contra sentenza desestimatoria do Xulgado Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo. Demandante: D^a. Angela Millos Campos Obxecto: Resolución do 10-01-2005, en reclamación patrimonial. expte. Nº 5/243. Desestimada a apelación.

l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 73/08 p.a. Demandante: D. Fernando Crespán Conde. Obxecto: Sanción tráfico dobre fileira sen conductor 078639767. Desestimado o recurso.

m) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 79/2007 p.a. Demandante: Autoridade Portuaria deVigo. Obxecto:Resolución do tribunal económico-administrativo do Concello de Vigo, do 16.03.07 (expte.: 762/550) sobre compensación de débedas (5.929,15 €) por resolución do 9/03/07(expte.: 6.985/540). Desestimento da autora.

n) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 104/08 p.a. Demandante: D. Simón González Salgado. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 5.10.07 responsabilidade patrimonial por danos, expte. Nº: 1757/243. Inadmite o recurso.

- ñ) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 114/2008 p.a. Demandantes: D. Miguel Cortés Bautista e D. Manuel Barciela Rivera. Obxecto: Desestimación “presunta” de alzada contra cambios de sección na policía municipal. desestima o recurso.
- o) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 132/2008 p.a. Demandante: D.ª María Gayoso Sánchez. Obxecto: Sanción de tráfico. Expediente 068535222. Desestima o recurso.
- p) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 144/2008 p.a. Demandante: Dª Barbara Nacimiento Pregel. Obxecto: reclamación patrimonial, desestimación presunta, reclamación do 5/10/2007. Inadmite o recurso.
- q) Sentenza no rec. Apelación 15075/2008 do TSXG contra sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 184/2006 p.o. Demandante: Ute Eloymar-Tranvías Eléctricos de Vigo. Obxecto: Resolución do tribunal económico-administrativo do Concello de Vigo, de 13.01.06, sobre liquidacións de taxas de entrada de vehículos dos anos 2001 a 2005 e actuacións executorias (estacionamentos subterráneos de urzáiz e independencia). Desestima a apelación.
- r) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 339/2007 p.a. Demandante: Dª María Helena da Cruz Sá. Obxecto: Reclamación patrimonial, desestimación da reclamación do 16 de xullo de 2007. expediente 962/243. Inadmite o recurso.
- s) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 349/2007 p.a. demandante: Dª Asunción Lodeiro Salgueiro. Obxecto: Desestimación presunta en rpa nº 1261/243 caída na vía pública o 03/01/20036. Estimado parcialmente.
- t) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 361/07 p.a. Demandante: Comunidade de Herdeiros de D. Luis Alonso Castro. Obxecto: reclamación patrimonial expediente nº 24/09/07. Desestimento da autora.
- u) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 431/07 p.o. Demandante: Planner Proceltha, S.L. Obxecto: Resolución da dirección xeral de relacións laborais (consellería de traballo) sobre alzada contra sanción por infracción de riscos laborais (resolución do 15 de xuño de 2005, sanción de 19.532,89 €, (solidariamente ao concello, a demandante e outras) accidente en Cotogrande (agora Ifevi) o 14/10/1998.Desestima o recurso.
- v) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 606/2006 p.o. Demandante: D. Mamadou Kane. Obxecto: Resolución da Xunta Goberno Local do 30/01/2006 reincorporación ao servizo de 4 axentes da policía local. Desestima o recurso.
- w) Sentenza do Tribunal Supremo no rec. casación nº 6662/2005 interposto polo Concello de Vigo contra sentenza da Audiencia Nacional no proc. nº: 843/2001. Demandante: Autoridade Portuaria de Vigo. Obxecto: Resolución do tribunal económico-administrativo do Concello de Vigo, de data 27.04.01 (padrón IBI 1998, e resolución do Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia, do 21/12/1999).Estima recurso casación.
- x) Sentenza do X. de 1ª Instancia nº 6 de Vigo no xuízo verbal nº 379/2006.Demandante: D. antonio Martínez Pérez. Obxecto: Acción declarativa de dominio e reivindicatoria de parte do

camiño de roteas de arriba – Sampaio. (reclamación previa, expediente municipal nº 12222/240).Desestimada a demanda.

z) Auto do X. de Instrucción nº 8 DP-PA nº 250/2008.Dilixencias urxentes Xuizo rápido nº 40/2008. Condenado o autor do delicto contra a seguridade do trafico a indemnizar ao Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das devanditas sentenzas e autos.

3(1386).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 11/1570, 11/1806.

Examinadas as actuacións dos expediente, vistos os informes-proposta da traballadora social e reponsable do Programa conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- Manuela Estévez Vázquez. Expte. 11/1570.
- Eulogio Barciela Blanco. Expte. 11/1806.

4(1387).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN EN MATERIA DE MEDIACIÓN INTERCULTURAL NESTE CONCELLO. EXPTE. 35857/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 1.09.08, o informe de fiscalización do 5.09.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 20.08.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o convenio de colaboración entre a Secretaria Xeral de Emigración e o Concello de Vigo, para levar a cabo un programa de formación en materia de mediación intercultural neste concello, por un total de 35.000€.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO UN PROGRAMA DE FORMACIÓN EN MATERIA DE MEDIACIÓN INTERCULTURAL NESTE CONCELLO.

*En Santiago de Compostela, a *** de ***** de 2008*

REUNIDOS

Dunha banda, D. Manuel Luís Rodríguez González, na súa condición de secretario xeral de Emigración, nomeado polo Decreto 419/2005, do 25 de agosto, en nome e representación da Xunta de Galicia e, en virtude da desconcentración de competencias que lle atribúe a disposición adicional segunda, apartado b) do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, pola que se establece a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, Dª Mª Xosé Méndez Piñeiro, con D.N.I. núm 35.252.900-H, que actúa en nome e representación do Concello de Vigo, con CIF núm P3605700H, en virtude da súa condición de concelleira-delegada da Área de Benestar Social e en uso das facultades que ten atribuídas por resolución do 5 de xulhode 2007.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

MANIFESTAN

I.- Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei de Contratos do Sector Público.

II.- Que segundo o Decreto 231/2005, do 11 de agosto polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2006, de 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral de Emigración configúrase como o órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias en materia de política inmigratoria en Galicia, así como a determinación das bases e criterios da política de integración social e laboral dos inmigrantes a participación e colaboración de tódolos axentes sociais nas actuacións que se van realizar.

III.-Que a instancia da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia, dentro do Código Nacional de Ocupacións (CNO), se incorporou, co código 35390051, a ocupación de Mediador Intercultural, sendo esta unha das previsións establecidas no Plan Galego de Cidadanía, Convivencia e Integración 2008-2011.

IV.- Que dentro do citado Plan Galego de Cidadanía, Convivencia e Integración 2008-2011, tanto a formación de profesionais, como as actuacións de mediación intercultural, se consideran como elementos esenciais dentro dos seus obxectivos e liñas de actuación.

V.- Que as actuacións desenvolvidas pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de atención á poboación inmigrante extracomunitaria son consontes co establecido no “Marco de Cooperación para la Gestión del Fondo de Apoyo a la Acogida y la Integración de Inmigrantes 2008” documento onde se establecen os eixos e liñas de actuación que permitan dar cumprimento ao fin establecido no convenio asinado o 25 de outubro de 2005 entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes, así como de reforzo educativo tendo unha duración anual, prorrogándose automaticamente salvo no referente ás contías económicas, que para o ano 2008, están contidas no protocolo suscrito o 20 de xuño de 2008. Atopándose, entre as liñas de actuación contidas no citado marco, a formación de profesionais en mediación intercultural.

VI.-Que segundo os últimos datos oficiais publicados polo Instituto Nacional de Estatística a 1 de xaneiro de 2007 o Concello de Vigo ten empadroados un total de 13.921 estranxeiros, sendo o concello de Galicia con máis número de estranxeiros empadroados.

VII.- Que o concello de Vigo, nun programa pioneiro en Galicia, vai desenvolver un programa de formación de mediadores interculturais, coa finalidade de que a través desta formación se fortalezca, acompañe e supervise o tecido social, formado fundamentalmente por asociacións de estranxeiros e ONGs que de xeito tradicional realizan actuacións en favor da poboación inmigrante, pretendendo igualmente que a través desta formación teórica-práctica sexan os propios estranxeiros os artifices da súa integración, acompañados por persoas que coñezan tanto as institucións locais como as peculiaridades culturais dos seus compatriotas para así allanar os procesos de integración, propiciando, en consecuencia, o inicio dun proceso de participación e colaboración entre o tecido social e institucional de xeito que se poidan adecuar os recursos ás necesidades que diariamente se detectan. Tendo en conta todo isto, dadas as características das actuacións a desenvolver a finalidade destas, o contexto no que se desenvolverán e a natureza da entidade que as desenvolve, esta secretaria xeral tendo en conta o disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considera que non é posible promover a concorrencia pública.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

subscribir un convenio de colaboración para o desenvolvemento dun programa de formación en materia de mediación intercultural no concello de Vigo, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a colaboración para o desenvolvemento no Concello de Vigo dun programa de formación en materia de mediación intercultural, coa finalidade de facilitar a integración social do colectivo inmigrante.

SEGUNDA.- Contido do programa e actuacións a desenvolver.

O Concello de Vigo desenvolverá ao longo do último cuadrimestre do ano 2008 un Programa de formación en materia de mediación intercultural cos seguintes obxectivos:

- Proporcionar formación teórica e práctica en temas de mediación intercultural básica ao tempo que se inicia a formación que fortaleza, acompañe e supervise o tecido social formado por asociacións de estranxeiros e as ONGs que veñen desenvolvendo actuacións en favor da poboación inmigrante.

- Establecer as bases de coñecemento teórico-práctico para que os propios estranxeiros sexan os artífices da súa propia integración, acompañados por persoas que coñezan tanto as institucións locais como as peculiaridades culturais dos seus compatriotas para, con elo, aplanar os procesos de integración.

- Iniciar un proceso de participación e colaboración entre o tecido social e institucións de xeito que se poidan adecuar os recursos ás necesidades que diariamente se vaian detectando.

TERCEIRA.- Orzamento

Para a desenvolvemento das actuacións sinaladas na cláusula anterior a Secretaría Xeral de Emigración achegará, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2008 a cantidade de trinta e cinco mil euros (35.000 €). Esta achega farase con cargo á aplicación orzamentaria 04.50.312C.460.0 (trinta mil douscentos setenta e seis euros (30.276 €) con cargo ao Código de proxecto 2005-00528, e catro mil setecentos vintecaturo euros (4.724 €) con cargo ao Código de proxecto 2007-000029).

As achegas feitas pola Secretaría Xeral de Emigración serán destinadas a sufragar os gastos necesarios para o desenvolvemento do programa formativo descrito na cláusula anterior.

De non xustificaren o importe total do orzamento obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o obxecto nel establecido, a Secretaría Xeral de Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ó importe xustificado.

CUARTA.- Forma de pagamento

A Secretaría Xeral de Emigración realizará os pagamentos contra certificación expedida pola intervención do concello ou do órgano que teña atribuídas as correspondentes facultades de control no concello da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para o que foron concedidas as achegas da Secretaría Xeral de Emigración, previa conformidade do secretario xeral de Emigración.

De conformidade co artigo 16º.2.Un do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán efectuarse pagos parciais que se xustificarán do xeito previsto anteriormente, segundo as limitacións e requisitos establecidos no citado Decreto.

Ao abeiro do artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Vigo deberá comunicar á Secretaría Xeral de Emigración a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O concello someterase á normativa vixente en materia de subvencións, constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a súa normativa de desenvolvemento, en canto sexan de aplicación.

QUINTA.- Modificación do Convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100 % do custo da actividade a desenvolver.

SEXTA.- Comisión de Seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación da Secretaría Xeral de Emigración polo secretario xeral de Emigración que ostentará a presidencia da comisión, quen poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola concelleira-delegada de Benestar Social do concello de Vigo ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.*
- 2.- Interpretar e resolver as dúbidas, que se poidan suscitar na aplicación do convenio.*

SÉTIMA.- Causas de resolución.

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tamén serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ó reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes intereses, as seguintes:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.*
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.*
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.*

OITAVA.- Publicidade, seguimento e colaboración.

1.- O concello obrígase a:

- *Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- *Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice no desenvolvemento deste Convenio, a participación e colaboración do Ministerio de Traballo e Inmigración e da Secretaría Xeral de Emigración, así como o seus correspondentes logotipos.*
- *Remitir á Secretaría Xeral de Emigración un informe detallado das actuacións levadas a cabo ó abeiro deste convenio.*
- *Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral de Emigración no referente ó seguimento das actividades obxecto da axuda.*
- *Ter informada á Secretaría Xeral de Emigración do desenvolvemento das actividades formativas así como do lugar e horario de realización das mesmas.*
- *Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Secretaría Xeral de Emigración, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*
- *Participar nas accións formativas e divulgativas que dende a Secretaría Xeral de Emigración se organicen en materia de inmigración e retorno e que vaian en beneficio do traballo a desenvolver.*

2.- *A entidade beneficiaria presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e no rexistro público de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.*

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Economía e Facenda, ante quen se poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Salvo nos casos sinalados no artigo 9.4. do decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a non autorización da obtención de datos ou a súa publicidade, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Emigración publicará na súa páxina web galiciaaberta.com a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que, a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web. Tamén de conformidade co artigo 11 da devandita Lei, esta secretaría fará pública no DOG, así como na páxina web galiciaaberta.com, a celebración do presente convenio.

De acordo co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral de Emigración remitirá a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar orixinal ou fotocopia compulsada deste convenio, unha vez asinado, para os efectos da súa inscrición en dito rexistro.

NOVENA.- *Relación laboral.*

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral de Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

DECIMA.- Réxime xurídico.

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 4 da Lei de Contratos do Sector Público e demais normativa de aplicación en materia de contratos.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente pola Administración autonómica, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula sexta, contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpor os oportunos recursos contencioso-administrativos perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Duración.

O presente convenio terá os seus efectos dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do mesmo ano.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados na cabeceira.

5(1388).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA) PARA DESENVOLVER O PROGRAMA “OBRADOIROS PARALELOS”. EXPTE. 33640/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.07.08 e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do programa, do 21.08.08, conformado polo xefe de Área de Acción Social, a concelleira delegada de Benestar Social e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración entre o Exmo. Concello de Vigo e a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Galicia, con NIF: G-36776920, de compromiso de dez prazas para enfermos de alzheimer e dez prazas para familiares empadroados no Concello de Vigo, nos talleres que se desenvolvan dentro do programa “Obradoiros Paralelos”, sen custo algún para os beneficiarios que serán derivados polo departamento de Benestar Social.

2º.- Aprobar o gasto por un importe total de 20.000 euros, con cargo á 3130. 4800010 de Benestar Social, “Convenio AFAGA”.

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A “ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA”

Vigo, ____de _____de 2008

REUNIDOS

Dunha parte D^a María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, por decreto de Delegación de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra:

Don Juan Carlos Rodríguez Bernardes , DNI 36073858 Z como Presidente da Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia (AFAGA), CIF G-36776920, representante legal desta organización en Vigo con enderezo, a efectos de notificación, na rúa Oliva, 12-2º Of. E.

Ámbalas partes recoñécense mutua capacidade para formalizar o presente convenio e,

MANIFESTAN

Que a Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais (con poboación superior a 20.000 "habitantes-equivalentes").

Que a lei 4/93, de 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria. Estes inclúense dentro da área de comunidade, establecendo o [Decreto 240/1995 do 28 de xullo](#) polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria como obxectivos prioritarios dese nivel de atención, entre outros, o desenvolvemento de servizos preventivos dirixidos á poboación en xeral e de forma especial a aqueles colectivos que se atopen en situación de risco, así como a inserción social dos membros marxinados e excluídos da comunidade.

Que a “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia - AFAGA” entidade colaboradora do departamento de Benestar Social dende hai anos, é a única entidade que presta atención social específica aos enfermos/as e familiares dos mesmos, xa que segundo di nos seus estatutos, cos obxectivos da asociación son entre outros: prestar a asistencia psicolóxica e moral aos familiares dos afectados da enfermidade, asesorar aos familiares en materias legais, sociolóxicas e económicas, facilitar, mellorar e controlar a asistencia dos enfermos para mellorar no posible a calidade de vida.

Que se entende o alzheimer como un conxunto de síntomas derivados dunha enfermidade cerebral dexenerativa que se manifesta nunha progresiva perda de memoria, da linguaxe e do xuízo. Descoñécense as causas e non existe tratamento para a súa cura.

Que a Administración Pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro para unha xestión común de determinadas actividades.

Segundo o exposto, as partes acordan levar a cabo un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxectivo:

O obxecto do presente convenio é establecer o marco de colaboración entre a Concellería de Benestar Social e AFAGA para a atención aos enfermos de alzheimer e familiares, subvencionando prazas nos talleres ocupacionais dos que dispón a asociación no seu programa “Obradoiros Paralelos”.

Segunda.- Finalidade:

A finalidade deste convenio é subvencionar dez prazas no programa de “Obradoiros Paralelos” sen cargo algún para os beneficiarios que serán derivados polo departamento de Benestar Social seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan, polo tanto, ser obxecto de estimulación, e dez para apoio aos seus familiares.

A pesar de que o alzheimer é unha enfermidade dexenerativa sen tratamento para a súa curación, é certo que durante a primeira fase da enfermidade, a posibilidade de combinar tratamento farmacolóxico con funcional e cognitivo procura o enlentecemento do proceso.

Por outra parte, para a familia que adoita ser a responsable do coidado supónlle unha difícil tarefa asumir a enfermidade do Alzheimer ou outra demencia.

Os obradoiros van dirixidos aos enfermos/as de alzheimer ou outra demencia neurodexenerativa así como familiares dos enfermos que asisten aos obradoiros de estimulación cognitiva e funcional.

Os obradoiros están impartidos por técnicos especialistas na materia sendo os obxectivos específicos:

- *Traballar aspectos cognitivos (orientación temporo-espacial, memoria, linguaxe,...)*
- *Traballar aspectos funcionais (actividades básicas da vida diaria, motricidade, ...)*
- *Proporcionar apoio emocional aos familiares dos asistentes aos obradoiros*
- *Procurar para os familiares un tempo de descanso con actividades lúdicas*
- *Dotar de coñecementos prácticos aos familiares en relación á atención e coidados dos enfermos con demencia.*

Terceira.- Obrigas dos beneficiarios:

Son obrigas do beneficiario:

- a) *Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.*
- b) *Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.*
- c) *Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como calesquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.*
- d) *Comunicar ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñezan, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*
- e) *A “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia - AFAGA” comprométese a incluír o logo da Concellería de Benestar Social no programa “Obradoiros Paralelos”*
- f) *A “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia - AFAGA” comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade e riscos laborais tanto para os usuarios/as como para o persoal do servizo, facéndose responsable dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.*
- g)

Cuarta.- Vixencia:

O convenio da Concellería de Benestar Social coa AFAGA terá a vixencia do ano 2008.

Quinta.- Xustificación:

A Concellería de Benestar Social subvenciona a AFAGA o programa “Obradoiros Paralelos”.

Polo período de vixencia do convenio, o Exmo. Concello de Vigo, aportará a cantidade de 20.000,00€ con cargo ao programa de gastos 3130, partida 4890010.

Os pagamentos efectuaranse dos seguinte xeito:

- 50% da cantidade total á sinatura do convenio; pago anticipado previo á xustificación, como financiación necesaria para levar a cabo as actuacións inherentes a subvención.
- 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados e sexan certificados de conformidade polo funcionario responsable do programa.

A AFAGA comprométese a presentar antes do día 30 de xaneiro de 2009, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino aos Servizos Sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coas actuacións obxectivo do convenio e recollidos no orzamento presentado pola AFAGA. De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a efectos de xustificación da subvención considéranse os gastos realizados durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2008, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

Documentos que conformarán a xustificación da subvención:

- 1.- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento da actividade subvencionada.
- 2.- Unha memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada que comprenderá:
 - Un balance de ingresos e gastos da actividade obxecto da subvención agrupada por tipos de gasto.
 - Facturas orixinais e demais documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, polo importe total da subvención concedida. As facturas terán que reunir as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir factura que incumbe a profesionais e empresarios.
 - Unha declaración de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social utilizando o réxime simplificado de acreditación do artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.

Nos documentos xustificativos de subvención que comprenden os gastos vinculados de forma directa ao exercicio 2008 non terá que constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria.

Para posibilitar o control de concorrencia de subvencións, ou cando a entidade solicitante demande o orixinal presentado, as facturas e documentos poderán marcarse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para a que se presenta como xustificante e se o importe se imputa total ou parcialmente á mesma, indicando neste caso a contía exacta que resulte afectada. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado.

Sexta.- Recursos humanos:

A AFAGA poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Sétima.- Seguimento:

O persoal técnico do servizo de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que e poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Como mecanismo de coordinación na aplicación do presente Convenio e para facer efectiva unha colaboración-supervisión, crearase unha Comisión Mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas da actividade, seu funcionamento, coordinación e solución de controversias e que estará composta por dúas persoas da AFAGA e dous técnicos/as deste Concello, presidida polo Concelleiro/a de Benestar Social.

Oitava.- Publicidade:

O Concello de Vigo resérvase exclusivamente a formulación de todo tipo de publicidade ou información nos medios de comunicación social das actividades obxecto deste convenio.

Novena.- Compatibilidade:

O Concello poderá subscribir os convenios que crea adecuados coas distintas asociacións e administracións para este mesmo fin sen que esto altere o previsto neste convenio.

A concesión da subvención ao amparo da presente convocatoria será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade, sempre que o importe global das mesmas non supere o custo total do servizo.

Décima.- Lexislación aplicable:

A lexislación aplicable é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

6(1389).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL XERAL.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.08, que di o seguinte:

Sendo o obxecto da ordenanza fiscal xeral a regulación xenérica da xestión, recadación e inspección do conxunto dos tributos propios do Concello, este texto debe responder, amais do principio básico de reserva de lei en materia tributaria (artigo 133.2 CE), a outra serie de principios rectores do ámbito tributario: xustiza, igualdade e progresividade (artigo 31.1 CE), eficacia (artigo 103.1 CE) e, sempre no marco dos principios de autonomía e suficiencia financeira dos entes locais (artigos 140 e 142 CE).

Neste contexto, a Tesourería municipal e esta Dirección de Ingresos presentan unha serie de modificacións ao texto vixente:

- Na memoria, que obra no expediente, asinada polo Sr. Tesoureiro municipal con data 1 de xullo de 2008 figuran as modificacións que propón en materia de recadación. Reprodúcese de forma literal o contido da Memoria:

“Modifícase a actual redacción do artigo 34 da Ordenanza pola nova que se indica, para adaptar o seu contido ás prescricións da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e o Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, suprimindo a insolvencia como forma de extinción definitiva da débeda tendo en conta de que a mesma unicamente ten carácter provisional.

Substitúense os artigos 35 a 40 da actual Ordenanza, adicados ao pago da débeda, polos novos que se indican, regulando de forma máis clara e precisa determinados aspectos relativos á lexitimación, lugar e forma de pago, así como os medios e mecanismos de pago en efectivo das débedas, recollendo e adaptando á organización propia do Concello de Vigo algúns aspectos incluídos no novo Regulamento Xeral de Recadación, e introducindo algunhas prevencións de indubidable transcendencia práctica no desenvolvemento da xestión recadadora municipal.

Así, a título meramente indicativo, podemos destacar as prevencións seguintes:

- Reiterase, de forma máis clara e concisa que a contida na regulación estatal, a lexitimación para solicitar e obter a devolución dos ingresos que sexan considerados indebidos.

- Detállase a forma de aplicar o importe obtido mediante embargo cando este fora insuficiente para cubrir a totalidade da débeda pendente a cargo dun mesmo obrigado ao pago.

- Fanse constar determinados aspectos en relación co calendario do contribuínte, recoñecendo que non será preciso notificar individualmente as liquidacións naqueles casos nos que o citado calendario modifique os períodos voluntarios de recadación dos padróns.

- Régúlase o procedemento de pago a través de tarxeta de crédito ou débito, facendo referencia á posibilidade de efectuar o pago por Internet dos tributos municipais.

- Establécense os requisitos e procedementos para o pago por domiciliación bancaria, admitindo expresamente a posibilidade de domiciliar o pago das débedas en contas que non sexan de titularidade do obrigado ao pago.

- Introdúcese unha regulación máis detallada dos documentos aos que se lles outorga o carácter de xustificantes de pago, en congruencia coas novas formas de facer efectivo o pago da débeda, recoñecendo tal carácter ás certificacións acreditativas do ingreso efectuado expedidas por medios telemáticos, ao documento acreditativo da operación realizada por vía telemática expedido pola entidade financeira, ou ao documento acreditativo da operación realizada expedido polo caixeiro automático, entre outros.

Dase unha nova redacción aos artigos 41 a 46 da Ordenanza, relativos ao aprazamento e fraccionamento do pago das débedas, adaptando o seu contido ao novo Regulamento Xeral de Recadación. Neste sentido, detállase a documentación a achegar polos solicitantes, segundo se trate de persoas físicas ou xurídicas, establecendo novos criterios e prazos para a concesión en función da contía das débedas. Ao mesmo tempo faise uso da facultade contida no artigo 82 da Lei Xeral Tributaria, eximindo da obriga de presentar garantía cando o importe da débeda cuxo fraccionamento ou aprazamento se solicita sexa inferior a 3.000 euros, sempre que o obrigado ao pago non teña outras débedas pendentes en período executivo distintas da débeda a que se refire a solicitude. Finalmente, redáctanse de forma máis concisa e sinxela os aspectos relativos ás consecuencias da non formalización de garantía en prazo, así como os efectos da falta de pago en prazo da fracción ou fraccións concedidas.

Desenvólvese o apartado 2º do artigo 48 da Ordenanza e introdúcese un novo artigo 48.bis co obxecto de detallar un procedemento para o cobro das débedas que as Entidades Públicas manteñan co Concello de Vigo, ben a través da compensación de oficio, no suposto de existir créditos recoñecidos fronte á entidade debedora, ben a través dun procedemento de deducción das transferencias que outros Entes Públicos, fundamentalmente o Estado e as Comunidades Autónomas, deban satisfacerlles. Excepcionalmente, ante a negativa reiterada ou obstrución por parte dos Entes debedores a realizar o pago, establécese a posibilidade, prevista na normativa vixente, de solicitar a colaboración da Axencia Tributaria e, incluso, de chegar ao embargo dos bens patrimoniais, se os principios de economía e eficiencia na xestión recadadora así o aconsellan.

Finalmente, substitúense os artigos 71 a 75 do Ordenanza, relativos á recadación en período executivo, polos novos que se achegan, reorganizando o seu contido co obxecto de delimitar e diferenciar claramente o inicio do período executivo do procedemento administrativo de constrinximento, así como os efectos e consecuencias de ambos, desenvolvendo, ao mesmo tempo, con maior amplitude determinados aspectos de fundamental relevancia na xestión recadadora como a poxa de bens -detallando, entre outros aspectos, a composición da mesa de poxa, a publicidade dos anuncios ou os tramos de licitación-, os intereses de demora do período executivo e, finalmente, as costas do procedemento”.

Respecto a outros preceptos que se modifican:

- Complétase o contido do artigo 1º da ordenanza. Engádese un apartado 2 que fai explícito o carácter desta ordenanza como “norma aplicable no exercicio das competencias do Concello nas materia de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión de actos tributarios municipais”. Convén esta especificación, dado que o articulado da Lei Xeral Tributaria non contempla a problemática específica da ordenación e xestión dos tributos locais pero sí habilita directamente as entidades locais, dentro do ámbito das súas competencias para “desenvolver a citada lei mediante ordenanza fiscal” (disposición adicional cuarta da lei 58/2003 xeral tributaria).

- O apartado 3 do artigo 4 que se engade, vai destinado a establecer o mesmo procedemento obxectivo, regulado no apartado 2, para modificar a categoría fiscal de avenidas, rúas e prazas que constan no Anexo da presente ordenanza fiscal xeral. Resulta necesario cando, por modificación nos servizos, disposición do tráfico rodado, humanizacións, cambios sustanciais na valoración dos inmobles, e outras circunstancias a categoría fiscal que figura no citado Anexo quedara desfasada.

- Engádese un apartado 4 no artigo 20 destinado a explicitar a garantía do principio de “economía na xestión” vencellado ao principio de “eficacia” que debe presidir a actuación da administración pública (artigo 103.1 CE).

- Complétase o artigo 56 relativo á regulación dos procedementos tributarios con un apartado 2 que faculta á Concellería de Economía e Facenda para dictar resolucións aclaratorias, de procedemento e de aplicación de criterios en relación ao disposto no texto da ordenanza fiscal xeral así como nas ordenanzas fiscais de cada tributo. A practica cotiá da xestión tributaria, presentando casuística variada e/ou supostos non regulados de forma explícita fai necesario o complementar as normas tributarias con resolucións e/ou circulares para aclaración, aplicación de criterios ou procedementos. O suposto análogo na Administración do Estado estaría nas circulares das Direccións Xerais de Tributos.

- En primeira licitación, o tipo aplicable será o resultado de aplicar a valoración asignada aos inmobles a enaxenar. En caso de existir cargas que teñan accedido ao Rexistro con anterioridade, servirá de tipo para a poxa a diferenza entre o valor asignado e o importe destas cargas, que deberán quedar subsistentes sen aplicar á súa extinción o prezo do remate. En caso de que as cargas preferentes absorban ou exceden do valor asignado aos inmobles, o tipo será o correspondente ao importe dos débitos e costas, agás que estes sexan superiores ao valor do ben, en cuxo caso o tipo da poxa será dito valor.

- En segunda licitación, o tipo aplicable será o 75% do anterior.

- No caso de que as poxas en primeira e en segunda licitación resultasen tiveran resultado desertas ou, cos bens adxudicados non se cobrara a débeda e quedasen bens por enaxenar, continuarase o procedemento co anuncio de venda directa destes bens, a xestionar durante o prazo de seis meses contado dende a data de celebración da poxa. Non obstante a Mesa de poxa poderá acordar a adxudicación dos bens, no prazo de tres meses, prorrogables mes a mes ata o límite de seis meses, cando algunha das ofertas presentadas sexa considerada vantaxosa economicamente. Por outro lado, a mesa de poxa poderá acordar a adxudicación dos bens no prazo dun mes, prorrogables mes a mes ata o límite de seis meses a contar dende a data de celebración da poxa, cando polas características dos bens considere que poderían perder valor de mercado polo transcurso do tempo e que algunha das ofertas presentadas é vantaxosa economicamente.

7. Cando os bens teñan sido obxecto de poxa cunha soa licitación, o prezo mínimo de adxudicación directa será o tipo de poxa en dita licitación.

Cando se tiveran celebrado dúas licitacións en poxa, non existirá prezo mínimo de adxudicación directa. Non obstante, se a mesa de poxa estimara desproporcionada a diferenza entre o valor asignado aos bens por tasación e o prezo ofrecido por calquera persoa interesada, co fin de non favorecer o enriquecemento inxusto do comprador en detrimento do propietario dos bens, poderá declarar inadmisibile a oferta, non accedendo á formalización da venda.

8. Indicativamente, fíxase o 35 por cento do tipo da primeira licitación como oferta admisible nas vendas por xestión directa cando tiveran resultado desertas as poxas en primeira e segunda licitación.

ARTIGO 74.- INTERESES DE DEMORA

1. As cantidades esixibles nun procedemento de constrinximento por ingresos de Dereito público devengarán intereses de demora dende o día seguinte ao do vencimento da débeda en período voluntario ata a data do seu ingreso.

2. A base sobre a que se aplicará o tipo de interese non incluírá a recarga de constrinximento.

3. O tipo de interese fixarase de acordo co establecido nos artigos 10 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e 26.6 da Lei Xeral Tributaria. Cando, ao longo do período de demora, se tiveran modificado os tipos de interese, determinarase a débeda a satisfacer por intereses sumando as contías que correspondan a cada período.

4. Con carácter xeral, os intereses de demora cobraranse xunto co principal; se o debedor se negara a satisfacer os intereses de demora no momento de pagar o principal, practicarase liquidación que deberá ser notificada e na que se indiquen os prazos de pago.

5. Se se embarga diñeiro en efectivo ou en contas, poderán calcularse e reterse os intereses no momento do embargo, se o diñeiro dispoñible fose superior á débeda perseguida. Se o líquido obtido fora inferior, practicarase posteriormente liquidación dos intereses devengados.

6. Non se practicará liquidación por intereses de demora cando a súa importe sexa inferior a 5 euros.

7. Noutros supostos, non se esixirán intereses de demora a partir do momento en que se incumpran os prazos máximos para notificar a resolución das solicitudes de compensación, o acto de liquidación ou a resolución dos recursos administrativos, sempre que, neste último caso, se tivera acordado a suspensión de acto recurrido. En particular, a este efecto, respecto aos recursos administrativos, o prazo máximo para resolvelos establécese nun ano.

ARTIGO 75.- COSTAS DO PROCEDEMENTO

Terán a consideración de costas do procedemento de constrinximento aqueles gastos que se orixinen durante o seu desenvolvemento. As costas serán por conta do debedor a quen lle serán esixidas.

Como costas do procedemento estarán comprendidas, entre outras, as seguintes:

- a) Os gastos orixinados polas notificacións que imprescindiblemente teñan que realizarse no procedemento administrativo de constrinximento..
- b) Os honorarios de empresas e profesionais, alleos á Administración, que interveñan na valoración dos bens trabados.
- c) Os honorarios dos rexistradores e outros gastos que teñan que abonarse polas actuacións nos rexistros públicos.
- d) Os gastos motivados polo depósito e administración dos bens embargados.
- e) Os demais gastos que esixa a propia execución.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2009 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

7(1390).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.08, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en actualizar o tipo impositivo para inmobles de natureza urbana e de características especiais que figuran no artigo 8 da Ordenanza Fiscal nun 2,16% coa finalidade de compensar a diferenza entre a variación real do IPC entre 30 de abril de 2007 e 30 de Abril de 2008 (4,2%) e a variación do valor catastral que establece a Lei de Presupostos Xerais do Estado (2%).

Actualízase o importe dos ingresos brutos anuais per capita que constitúen o límite ata o que as familias numerosas terían dereito á bonificación do 90% da cota do imposto (artigo 6.3).

Introdúcese unha nova bonificación ao amparo do artigo 9 do RDL 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais consistente nun 3% da cota do imposto, coas condicións establecidas no artigo 12 do texto proposto:

Que o recibo estea domiciliado ou se domicilie, que se solicite expresamente, que o titular do recibo estea empadroadado en Vigo. Cumpridos estes requisitos a concesión é automática e o sistema de pagamento do importe total do recibo será en dúas fraccións, a primeira o 31 de maio por importe do 50% da cota líquida do exercicio anterior e, a segunda o último día do período voluntario de cobranza, polo importe anual minorado pola fracción ingresada a conta así como polo importe da bonificación mencionada.

Introdúcense modificacións nos artigos 2, 4 e 7 da ordenanza, como consecuencia das modificacións dos artigos 61, 62 e 68 do RDL 2/2004.

A modificación axústase ó disposto no RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) así como as restantes disposicións legais de aplicación e o expediente deberá ser tramitado conforme o disposto nos artigos 15 a 19 do citado RDL 2/2004 e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de Abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES” (2).

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

2. A realización do feito imponible que corresponda, de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades no mesmo previstas.

Nos inmobles de características especiais aplicarase esta mesma prelación, salvo cando os dereitos de concesión que poidan recaer sobre o inmovible non esgoten a súa extensión superficial, suposto no que tamén realízarase o feito imponible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmovible non afectada por unha concesión.

ARTIGO 4.- SUXEITO PASIVO.

2. No caso de bens inmobles de características especiais, cando a condición de contribuínte recaiga nun ou en varios concesionarios, cada un deles o será pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción directamente vinculada a cada concesión. Sen prexuízo do deber dos concesionarios de formalizar as declaracións a que se refire o artigo 76 do RDL 2/2004, o ente ou organismo público ao que estea afectado ou adscrito o inmovible ou aquel a cuxo cargo estea a

súa administración e xestión, estará obrigado a subministrar anualmente ao Ministerio de Economía e Facenda a información relativa ás devanditas concesións nos termos establecidos regulamentariamente.

Para esta mesma clase de inmobles, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo o ente ou organismo público ao que se refire o parágrafo anterior, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

3. O disposto nos apartados anteriores será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercuti-la carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común. O Concello de Vigo repercutirá a totalidade da cota líquida do imposto en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos do mesmo, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais do Concello, nos termos do artigo 63 do RDL 2/2004.

4. Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmobles obxecto de ditos dereitos quedarán afectados ó pago da totalidade da cota tributaria nos termos previstos na Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria. A estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán ós comparecentes sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmobles asociadas ó inmovible que se transmite.

5. Responden solidariamente da cota deste imposto, en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades á que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 decembro, Xeral Tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figuraren inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS

3. Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos –pai, nai ou tutor-titulares de familia numerosa, relativa a vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre e cando cumbran a seguinte condición:

Contar con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude, inferiores a 5.335 euros.

- Declaración de IRPF dos integrantes da familia ou ben, autorización a Administración Tributaria do Concello para recabar os datos da Axencia Estatal da Administración Tributaria: No caso de que calquera ou todos os integrantes da familia non formularsen declaración de IRPF, poñerase de manifesto esta circunstancia na solicitude e, así mesmo autorizarase para que se recabe a información sobre os ingresos da AEAT.

ARTIGO 7.- BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE.

2. Tratándose de bens inmobles de características especiais, a redución da Base Imponible unicamente procederá cando o Valor Catastral resultante da aplicación dunha nova Ponencia de Valores Especiais supere ao dobre do que, como inmovible desta clase, tivera previamente asignado. En defecto deste valor, tomarase como tal o 40% do que resulte da nova Ponencia.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA

2. O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,758%.

3. O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,3%.

4. O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,758%.

ARTIGO 11. PAGAMENTO

O prazo para o pagamento voluntario deste imposto será o establecido no calendario fiscal que se publicará no BOP, na páxina web municipal e, por outros medios que se consideren adecuados.

Con carácter xeral, a recadación do padrón do Imposto sobre Bens Inmóbles iniciárase no segundo semestre do exercicio.

ARTIGO 12. SISTEMA ESPECIAL DE PAGO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

1. Ao amparo do disposto no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, e co obxecto de facilitar aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigas tributarias, así como incentivar a domiciliación bancaria como medio de pago máis idóneo, establécese un sistema especial de pago das cotas por recibo do Imposto sobre Bens Inmóbles que, ademais do fraccionamiento da débeda nos termos previstos neste artigo, permitirá aos obrigados ao pago que se acollan a este sistema, o disfrute dunha bonificación do 3% da cota do Imposto.

2. A bonificación derivada da aplicación do sistema especial de pago será compatible coas restantes bonificacións establecidas na presente ordenanza fiscal reguladora do IBI, e aplicarase sobre a cota líquida resultante da aplicación do artigo 6.

3. O acollemento a este sistema especial requirirá que o recibo estea domiciliado ou se domicilie nunha entidade bancaria ou Caixa de Aforros, que se formule a oportuna solicitude no impreso que, ao efecto se estableza, que o obrigado ao pago sexa unha persoa física que se atope empadroada no Concello de Vigo e que exista coincidencia entre o titular do recibo/liquidación do exercicio no que se realice a solicitude e nos exercicios seguintes.

4. A aplicación do sistema especial de pago contemplado neste artigo deberá ser solicitado polo suxeito pasivo con anterioridade ao 1º de marzo do exercicio no que deba ter efecto. Noutro caso a solicitude terá efectos a partir do exercicio seguinte ao da súa petición.

5. A solicitude debidamente cumprimentada entenderase automaticamente concedida desde o mesmo día da súa presentación, tendo validez por tempo indefinido en tanto non exista manifestación en contrario por parte do suxeito pasivo ou deixen de realizarse os pagos nos termos establecidos nos apartados seguintes.

6. O pago do importe total anual do imposto distribuirase en dous prazos:

- O primeiro, que terá o carácter de pago a conta, será equivalente ao 50 por cento da cota líquida do recibo do Imposto sobre Bens Inmóbles correspondente ao exercicio inmediatamente anterior, debendo facerse efectivo o 31 de maio, ou inmediato hábil seguinte, mediante a oportuna domiciliación bancaria.

- O importe do segundo prazo pasarase ao cobro á conta corrente indicada polo interesado o último día do período voluntario de cobro do imposto, e estará constituído pola diferenza entre a contía do recibo correspondente ao exercicio e a cantidade abonada no primeiro prazo, deducindo, á súa vez, o importe da bonificación regulada no presente artigo.

7. Cando, por causas imputables ao interesado, non se fixese efectivo ao seu vencimento o importe do primeiro prazo, será inaplicable automaticamente este sistema especial de pago e perderase o dereito á bonificación correspondente. Neste suposto, o importe total do imposto poderá abonarse sen recargo ningún no período voluntario de pago establecido para o padrón do IBI, coas consecuencias legais pertinentes no suposto de falta de pagamento no citado período voluntario.

Se, tendose feito efectivo o importe do primeiro dos prazos, por causas imputables ao interesado non se fixese efectivo o segundo prazo, ao seu correspondente vencimento iniciárase o período executivo pola cantidade pendente de ingreso e, así mesmo, será inaplicable automaticamente este sistema especial de pago, coa conseguinte perda do dereito á bonificación.

8. Cando o ingreso a conta efectuado como primeiro prazo sexa superior ao importe da cota resultante do recibo, a administración tributaria procederá de oficio á devolución inmediata do exceso sobre a citada cota, mediante transferencia bancaria á mesma conta na que se efectuou o cargo.

ARTIGO 13.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En todo o relativo a Infraccións tributarias e ás súas calificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª. A presente modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2009 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.*
- Facúltase a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.*

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

8(1391).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.08, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de tracción mecánica que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en actualizar as tarifas vixentes nun 4,2% (variación do I.P.C. entre Abril de 2007 e Abril de 2008). Permanecen invariables as tarifas correspondentes a vehículos de 16 ata 19,99 cabalos fiscais, vehículos de máis de 20 cabalos fiscais, motocicletas de mais de 250 cc ata 500 cc, motocicletas de mais de 500 cc. ata 1000 cc., e motocicletas de mais de 1000 cc xa que están no importe máximo fixado pola Lei.

Amplíase a bonificación vixente para vehículos novos cualificados como de Eficiencia Enerxética A) a aqueles outros que, aínda non tendo esta cualificación, emitirán niveles de CO2 non superiores a 120g/km (vehículos ecolóxicos). Igualmente, para vehículos adscritos a licenzas de autotaxi de combustible GLP (gases licuados do petróleo).

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA” (3).

ARTIGO 4.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

4.

b) Que se trate de vehículos novos sen matricular, clasificados como turismos de motor de gasolina ou diesel, cuxa marca e modelo se inclúan entre os vehículos máis eficientes con cualificación de Eficiencia Enerxética A) nos termos do Real Decreto 837/2002, de 2 de agosto, aplicando a bonificación durante o ano da primeira matriculación e o segundo. Aplicarase esta bonificación a vehículos novos que, aínda non estando cualificados de Eficiencia Enerxética A), as súas emisións de CO2 non sexan superiores a 120 g/km.

d) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol ou hidróxeno, gozarán da bonificación na cota durante dos anos naturais dende a súa matriculación. Aplicarase esta bonificación a vehículos adscritos a licenzas de autotaxi que utilicen combustible GLP (gases licuados do petróleo).

ARTIGO 6.- COTA

1. O imposto esixirase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas, de conformidade co disposto no artigo 95 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A. TURISMOS	COTA ANUAL
A.1. de menos de 8 cabalos fiscais	20,90 €
A.2. de 8 ata 11,99 cabalos fiscais	58,05 €
A.3. de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	124,70 €
A.4. de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	179,22 €
A.5. de máis de 20 cabalos fiscais	224,00 €
B. AUTOBUSES	COTA ANUAL
B.1. de menos de 21 prazas	140,95 €
B.2. de 21 a 50 prazas	204,65 €
B.3. de máis de 50 prazas	255,85 €
C. CAMIÓN	COTA ANUAL
C.1. de menos de 1000 kg. de carga útil	71,85 €
C.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	140,95 €
C.3. de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil	204,65 €
C.4. de máis de 9999 kg. de carga útil	255,85 €
D. TRACTORES	COTA ANUAL
D.1. de menos de 16 cabalos fiscais	27,25 €
D.2. de 16 a 25 cabalos fiscais	43,65 €
D.3. de máis de 25 cabalos fiscais	130,70 €
E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA	COTA ANUAL
E.1. máis de 750 kg a 1000 kg. carga útil	29,85 €
E.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	47,00 €
E.3. máis de 2999 kg. de carga útil	143,65 €
F. OUTROS VEHÍCULOS	COTA ANUAL
F.1. Ciclomotores	6,30 €
F.2. Motocicletas ata 125 cc.	6,30 €

F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.	12,55 €
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.	30,29 €
F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.	60,58 €
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.	121,15 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2009 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2ª) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3ª) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

9(1392).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.08, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta da Modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas que figura no presente expediente.

No exercicio das facultades potestativas do Concello, a única modificación relevante, consiste na actualización dos coeficientes de situación regulados no artigo 8 da ordenanza na mesma porcentaxe de variación do IPC entre 30 de abril de 2007 e 30 de abril de 2008 (4,2%).

O texto proposto axústase ó disposto no RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais: artigos 78 a 91), Reales Decretos Lexislativos nº 1175/90 de 28 de Setembro e 1259/91 de 2 de Agosto que conteñen as Tarifas e Instrucción do Imposto así como o Real Decreto 243/1995 de 17 de Febreiro que dicta normas para a Xestión do I.A.E. e restantes disposicións legais de aplicación. O expediente deberá ser tramitado conforme o disposto nos artigos 15 a 19 da citada Lei e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de Abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobado provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS” (4).

ARTIGO 5.- EXENCIONES

d) As Entidades Xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión social reguladas polo Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión de Seguros Privados aprobado polo RDL 6/2004 de 29 de outubro.

ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

1. Sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 9.1 b) desta Ordenanza, o Concello de Vigo establece a seguinte escala de coeficientes que ponderan a situación física do local, atendendo a categoría da rúa en que radique:

Categoría Fiscal Coeficiente Situación

1ª	2,91
2ª	2,72
3ª	2,55
4ª	2,34
5ª	2,19
6ª	1,99

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse ó 1 de xaneiro de 2009 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

10(1393).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.08, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

A presente modificación non inclúe ningunha variación no tipo impositivo nin base imponible, senón adecuación do texto en dous supostos de bonificación e exención para unha aplicación máis equitativa do imposto, así como adecuación a normas tributarias con rango de lei:

- Inclúese no suposto de bonificación do 50% na cota íntegra do imposto en relación á transmisión de dominio mortis causa da vivenda habitual a equiparación ao cónxuxe de quen convivise co causante con análoga relación de afectividade alomenos durante un ano (artigo 5 da ordenanza)

- As restantes modificacións de texto van destinadas á concordancia co correspondente texto legal.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATURZA URBANA”.

ARTIGO 4.- EXENCIONES.

2. SUBXECTIVAS.

e) As Entidades Xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión social reguladas polo Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión de Seguros Privados aprobado polo RDL 6/2004 de 29 de outubro.

ARTIGO 5.- BONIFICACIONES.

Gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra os suxeitos pasivos deste imposto cando o feito imponible consista na transmisión de dominio, constitución ou transmisión de calquera dereito reais de goce limitativos do dominio, mortis causa en relación a vivenda habitual do causante a favor do seu cónxuxe, descendentes e ascendentes, por natureza ou adopción.

Aos efectos do disfrute da bonificación, equipárase ao cónxuxe a quen convívise co causante con análoga relación de afectividade alomenos durante un ano e o acredite mediante certificado de inscrición no rexistro de unións de parellas de feito expedido ao efecto.

ARTIGO 6.- SUXEITOS PASIVOS

1. É suxeito pasivo do imposto a título de contribuínte:

a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título lucrativo, a persoa física ou xurídica ou entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral tributaria que adquira o terreo ou a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título oneroso, a persoa física ou xurídica ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que transmita o terreo ou que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

2. Nos supostos a que se refire a letra b) anterior, se o contribuínte é persoa física non residente en España, terá a consideración de substituto do contribuínte a persoa física ou xurídica, ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que adquira o terreo ou a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

En tanto non se proceda á fixación dos valores catastrais conforme ás prescricións do RD 2/2004 de 5 de marzo, procederá a efectos da determinación da base impositiva deste imposto, a aplicación dos valores catastrais a efectos do IBI.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.*
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.*

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

11(1394).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS A INSTANCIA DE PARTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.08, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas polos Documentos que expida ou que entenda a Administración do Concello ou a dos seus Organismos Autónomos, a instancia de parte, que figura no presente expediente.

Actualízanse as tarifas vixentes nun 4,2 % (variación do IPC entre abril de 2007 e abril de 2008).

Igualmente, actualízanse os mínimos exentos tanto por ingresos brutos anuais per cápita (4,2%) como por valor catastral (2%) que serven para aplicación dos beneficios fiscais regulados no artigo 5. 24

Inclúense, no apartado 14 do artigo 5 as comunicacións de transferencias de licenzas de obra coa mesma tarifa que as comunicacións de licenzas de actividades.

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, A INSTANCIA DE PARTE” (10).

ARTIGO 5.- BASE E COTA TRIBUTARIA

Tomarase como base do gravame a natureza dos documentos que se tramitarán conforme coa seguinte tarifa:

1. Certificados relativos ó Padrón Municipal de Habitantes:

a. De ata 5 anos de antigüidade	2,05 €
b. Superior a cinco anos ata dez	4,25 €
c. De mais de dez anos	11,30 €
d. Relativo ó nº de habitantes dunha sección ou distrito, clasificados polos diversos parámetros: idade, sexo, nivel de instrucción, etc: Por cada distrito ou sección e parámetro	2,05 €
e. Relativo ó total de habitantes do concello, referente a tódalas seccións e distritos, e clasificados por parámetros: Por cada parámetro	38,15 €

2. Certificados de documentos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:

a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina	9,30 €
b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de	1,30 €

3. Restantes certificados:

a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina	2,05 €
b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de	1,30 €

4. Copias de planos:

a. Copia de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente, expropiacións, infraestructuras, servicios e outros, relativos a expedientes non terminados	
- DIN A-4	1,70 €
- DIN A-1	3,40 €
- Por cada m2 ou fracción de exceso sobre un DIN A-1, un recargo de	8,80 €

b. Copia de planos oficiais de planeamento non vixente, expropiacións, infraestructuras, servicios e outros, sempre e cando se refiran a expedientes terminados:

- De ata tres anos de antigüidade aplicaráselle o dobre da tarifa sinalada no epígrafe 4.a).	
- Por cada ano máis de antigüidade incrementaráse a tarifa deste epígrafe 4.b).	
Por cada Plano	1,30 €
c. Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:	
- De ata tres anos de antigüidade, por un plano.	9,30 €
- Por cada ano ou plano máis, un recargo de	1,30 €
5. Copias de expedientes ou documentos que obran nas dependencias do Concello.	
a. de ata 1 ano de antigüidade, por cada páxina	
A4	0,30 €
A3	0,35 €
b. de máis dun ano de antigüidade e ata 3, por cada páxina	
A4	0,45 €
A3	0,90 €
c. de máis de 3 anos de antigüidade e ata 10, por cada páxina	
A4	0,65 €
A3	1,05 €
d. de máis de 10 anos de antigüidade, por cada páxina	
A4	0,85 €
A3	1,85 €
Se o expediente o documento excedera de 100 páxinas, a partir desta cifra, o importe será a metade dos sinalados nos apartados anteriores a, b, c, d, segundo corresponda	
No suposto en que os documentos relativos os apartados 4 e 5 anteriores poideran ser facilitados en soporte magnético e así o demandaren os interesados, o importe do soporte facilitado calcularase segundo o número e tipo de páxinas que conteña, aplicando as tarifas dos apartados 4 e 5 anteriores.	
6. Verificación de poderes:	
a Validación de poder, por cada un	9,30 €
b. Dilixencia de recoñecemento de sinatura en endosos, por cada unha	4,00 €
c. Simple recoñecemento de sinatura	2,40 €
7. Fotocopias:	
a. Fotocopias de documentos achegados polos interesados,	
- por cada páxina A4.	0,15 €
- por cada páxina A3	0,35 €
b. Compulsa de documentos	
- Primeira páxina	1,30 €
- Por cada unha das restantes	0,40 €
8. Xerocopias de ordenanzas e regulamentos:	
- Por cada exemplar	4,05 €

9. Solicitude para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal:	
a. Por cada unha dos grupos A e B	32,40 €
b. Por cada unha dos grupos C, D e E	18,15 €
10. Informacións urbanísticas	13,55 €
11. Cédulas urbanísticas	44,90 €
12. Impresos de autoliquidación de tributos	s/custo
13.1 Expedición de informes sobre intervencións ou actuacións da Policía Local a petición do interesado.	9,30 €
13.2 Expedición de informes relativos a accidentes de circulación realizados pola Policía Local.	94,15 €
13.3 Expedición de Informes de Residencia/Convivencia ou ámbolos dous.	3,25€
13.4 Expedición de Certificados de Residencia/Convivencia ou ámbolos dous.	9,30 €
13.5 Informes realizados polo Departamento de Tráfico.	9,30 €
14. Comunicaci3ns sobre transferencias ou transmisi3ns de licenzas tanto de Construcci3ns, Instalaci3ns e Obras como de Actividades. (Ordenanzas 50 e 51).	42,40 €
15. Certificados relativos á recadaci3n de tributos:	
a. Por recibo tributario ata 3 anos de antigüidade	9,65 €
b. Por cada recibo e ano que sobrepase os 3 de antigüidade, un recargo de	1,30 €
16. Documento acreditativo de INSCRICI3N PADR3N MUNICIPAL DE HABITANTES	0,55 €
17. Carn3s expedidos polo Departamento de Medio Ambiente e outros.	3,40 €
24. Estar3n exentos de taxas pola expedici3n de certificados de empadroamento referidos no epígrafe 1.a) do artigo 5 desta ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.415 €. A titularidade de Bens Inm3viles de Natureza Urbana, a excepci3n da vivenda na que residen, non deber3 superar un valor catastral total de 47.860 €.	

DISPOSICI3NS FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrar3 en vigor o d3a da súa publicaci3n no Bolet3n Oficial da Provincia e comezar3 a aplicarse o 1 de xaneiro de 2.009. Permanecer3 en vigor mentres non se acorde a súa modificaci3n ou derogaci3n expresa.

2ª) Someter a exposici3n p3blica por prazo de 30 d3as h3biles, con inserci3n de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamaci3ns.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

12(1395).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS RELATIVAS Ó SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES E LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUCTOR (AUTOTAXIS E VEHÍCULOS ESPECIAIS OU DE ABONO).

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.08, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas relativas ó servizo de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles e lixeiros de aluguer con conductor (autotaxis e vehículos especiais ou de abono), que figura no presente expediente.

Actualízanse as tarifas vixentes nun 4,2 % (variación do IPC entre abril de 2007 e abril de 2008).

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS RELATIVAS Ó SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES E LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUCTOR (AUTOTAXIS E VEHÍCULOS ESPECIAIS OU DE ABONO)” (11).

ARTIGO 4.- COTAS

- | | |
|---|---------|
| 3. Revisión de vehículo | 29,05 € |
| 4. Por dereitos de exame para a obtención do permiso municipal de conducir, por cada exame. | 8,35 € |
| 5. Por expedición e renovación de permiso municipal de conducir. | 16,60 € |

6. Por expedición de duplicados de permisos, licencias, tarifas, etc., por cada un

4,15 €

DISPOSICIÓN FINAIS

b. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2009 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

13(1396).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVICIOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.08, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos especiais por espectáculos e transportes, que figura no presente expediente.

Actualízanse as tarifas vixentes nun 4,2 (variación do IPC entre abril de 2007 e abril de 2008).

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES” (12).

ARTIGO 5.- COTA

1. Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe a), b) e d) do apartado 1 do artigo 1:

€/hora ou fracción

Por cada persoa afecta ó servizo: 11,55 €

Por cada vehículo afecto ó servizo: 22,45 €

2. Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe c) do apartado 1 do artigo 1:

Por cada vehículo e ano ou fracción: 20,80 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

14(1397).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUINAS DE CONSTRUCCIÓN, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.08, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas de construcións, salvamentos e outros análogos, que figura no presente expediente.

Actualízanse as tarifas vixentes nun 4,2 % (variación do IPC entre abril de 2007 e abril de 2008).

Segundo instrucións da Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos presenta a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola prestación de Servicios de Subministración de Auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais que figura no presente expediente.

Actualízanse as tarifas vixentes, I, II e III do artigo 5 da Ordenanza e o Cadro de prezos unitarios de obra do Anexo I, nun 4,2% (variación do IPC entre abril 2007 e abril 2008).

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Rexime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS” (60).

ARTIGO 5. TARIFAS

TARIFA I.- COTA DE ABOAMENTO

- Cota de aboamento ó servizo 3,42 €/usuario/mes

TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS

A) Uso doméstico:

De 0 a 30 m ³	0,3469 €/m ³
Exceso de 30 ata 50 m ³	0,4569 €/m ³
Idem de 50 ata 70 m ³	0,4642 €/m ³
Idem de 70 ata 100 m ³	0,7921 €/m ³
Idem de 100 ata 200 m ³	0,8056 €/m ³
Exceso de 200 m ³	1,0536 €/m ³

B) Uso non doméstico:

De 0 a 30 m ³	0,6582 €/m ³
Exceso de 30 ata 50 m ³	0,9641 €/m ³
Idem de 50 ata 70 m ³	0,9940 €/m ³
Idem de 70 ata 200 m ³	1,2064 €/m ³
Idem de 200 ata 500 m ³	1,2443 €/m ³
Exceso de 500 m ³	1,3082 €/m ³

TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS

A) Usos domésticos:

De 0 a 30 m ³	0,3772 €/m ³
Exceso de 30 ata 50 m ³	0,4895 €/m ³
Idem de 50 ata 70 m ³	0,4953 €/m ³
Idem de 70 ata 100 m ³	0,7645 €/m ³
Idem de 100 ata 200 m ³	0,7724 €/m ³
Exceso de 200 m ³	0,8759 €/m ³

B) Uso non doméstico:

De 0 a 30 m ³	0,5883 €/m ³
Exceso de 30 ata 50 m ³	0,7424 €/m ³
Idem de 50 ata 70 m ³	0,7544 €/m ³
Idem de 70 ata 200 m ³	0,9285 €/m ³
Idem de 200 ata 500 m ³	1,0428 €/m ³
Exceso de 500 m ³	1,2012 €/m ³

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2009 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

ANEXO I

CADRO DE PREZOS DE EXECUCION MATERIAL PARA A REDACCIÓN DE ORZAMENTOS DE CONEXIÓNS E PROLONGACIÓNS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON CARGO ÓS ABONADOS.

.- CONEXIÓNS ABASTECIMENTO

1.1.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 20 ou 25 mm. de diámetro, totalmente instalada, incluíndo escavación e recheo así como levantamento e reposición de pavimentación. 562,5380 €

1.2.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 30 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 915,2568 €

1.3.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 956,7571 €

1.4.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 75 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.061,9291 €

1.5.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro para boca de incendios/rego, excluído levantamento e reposición de pavimentación. 956,7571 €

1.6. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 75 mm. de diámetro para hidrante de incendios, excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.061,9291 €

1.7. *MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 20 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.* 17,8961 €

1.8. *MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 25 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.* 18,8188 €

1.9. *MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 30 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.* 20,1389 €

1.10. *MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.* 22,1415 €

2.- CONEXIÓNS DE SANEAMENTO

2.1. *Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación e pozo se fora necesario.* 862,5582 €

2.2. *Conexión de saneamento de lonxitude entre 6 e 9 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación e pozo se fora necesario.* 1.078,2053 €

2.3. *Conexión de saneamento de lonxitude entre 9 e 12 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación e pozo se fora necesario.* 1.509,5069 €

2.4. *Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 25 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo.* 676,4407 €

2.5. *Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 31,5 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo.* 847,9248 €

2.6. *Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 40 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo.* 1.046,4181 €

2.7. *Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 50 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo.* 1.304,1956 €

2.8. *MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 12 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.* 66,4845 €

2.9. *MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 25 cm. De diámetro, totalmente instalada incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.* 80,9454 €

2.10. *MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 31,5 cm. De diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.* 107,9173 €

2.11. M1. De subministración e colocación de tubo de PVC de 40 cm. de diámetro, totalmente instalada incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación. 139,1194 €

2.12. M1. De subministración e colocación de tubo de PVC de 50 cm. de diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación. 179,6521 €

3.- ESCAVACIÓNS E RECHEOS.

3.1. M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en terreo de tránsito, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas ó 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados ((20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de 15 cm. de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes ó vertedoiro. 26,5443 €

3.2. M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en roca, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas al 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados 20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de 15 cm. de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes ó vertedoiro. 62,0217 €

4. LEVANTAMENTO E REPOSICION DE PAVIMENTACIÓNS.

4.1. M2. De levantamento e reposición de macadam con dous regos asfálticos de 7 Kg. De ligante ECR-2 con 0,300 m3. De áridos, completamente rematada. 17,4537 €

4.2. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de vinte (20) cm. de grosor, completamente rematado. 58,1590 €

4.3. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de trinta (30) cm. de grosor, completamente rematado. 73,0774 €

4.4. M2. De levantamento e reposición de pavimentación de formigón de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 20 cm. de grosor, completamente rematado. 34,2248 €

4.5. M2. De levantamento e reposición de baldosa de terrazo en cores, na beirarrúa, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado. 55,0313 €

4.6. M2. De levantamento e reposición de baldosas de cemento, modelo oficial, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado. 40,7428 €

4.7. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre area aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado. 18,9463 €

4.8. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 20 cm. de grosor aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado. 53,6586 €

4.9. M2. De levantamento e reposición de baldosa de perpiaño asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica y 20 cm. de grosor, completamente rematado. 136,5543 €

4.10. M2. De levantamento e reposición de chapacuña con dous regos asfálticos de 7Kg. De ligante ECR-2, con 0,300 m3. De áridos, completamente rematado. 17,4687 €

5.- INSTALACIÓN DE TUBO DE ABASTECIMIENTO.

5.1. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 60 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 15,7586 €

5.2. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 80 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 20,5289 €

5.3. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 100 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 24,1292 €

5.4. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 125 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 31,4196 €

5.5. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 150 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 34,1648 €

5.6. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 175 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 38,1776 €

5.7. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 200 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 50,8235 €

5.8. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 250 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 65,4945 €

5.9. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 300 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 81,2230 €

5.10. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 350 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 100,5743 €

5.11. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 400 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 125,0635 €

5.12. *Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 450 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.* 145,6074 €

5.13. *Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 500 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.* 165,6862 €

5.14. *Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ¼”, incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.* 8,9931 €

5.15. *Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ½”, incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.* 9,9682 €

5.16. *Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 2”, incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.* 12,7509 €

6.- VÁLVULAS PARA REDE DE ABASTECIMIENTO.

6.1. *Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 60 mm.* 227,5579 €

6.2. *Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 80 mm.* 254,5447 €

6.3. *Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 100 mm.* 282,3341 €

6.4. *Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 125 mm.* 404,7798 €

6.5. *Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 150 mm.* 429,3364 €

6.6. *Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 175 mm.* 677,4232 €

6.7. *Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 200 mm.* 710,7555 €

6.8. *Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 250 mm.* 1.173,0567 €

6.9. *Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 300 mm.* 1.417,3782 €

6.10. *Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 350 mm.* 1.893,8628 €

6.11. *Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 400 mm.* 2.411,7429 €

6.12. *Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 450 mm.* 5.104,6346 €

6.13. *Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 500 mm.* 5.484,9852 €

7. INSTALACIÓN DE TUBO DE SANEAMIENTO.

7.1. *ML. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 30 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.* 28,1719 €

7.2. *ML. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 40 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.* 38,9502 €

7.3. *ML. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 50 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.* 47,4857 €

7.4. *ML. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 60 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.* 55,1888 €

7.5. *ML. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 80 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.* 79,9104 €

7.6. *ML. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 100 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.* 96,8840 €

8.- REXISTROS

8.1. *Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 1,50 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm². De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm². De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.* 934,8181 €

8.2. *Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 2,00 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm². De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm². De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.* 970,7680 €

8.3. *Ud. De pozo de rexistro, sen areeiro, de 1,00 m. De diámetro, formado por soleira de formigón de 200 Kp/cm². De R.C., y de 20 cm. de grosor, arillos de formigón, tapas e cerca de fundición dúctil de calzada, incluso escavación en todo terreo, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/ISA-14, NTE/ISS-55, e Ordenanza, medida a unidade rematada.* 544,8293 €

8.4. *Ud. De adaptación ó pozo existente, incluíndo cono, marco e tapa de fundición dúctil con dispositivo de acerroxado.* 267,9181 €

9.- TRABALLOS ESPECIAIS.

9.1. *Ud. De colocación de contador de ata 40 mm. de diámetro, sen incluír o aparello, en reposicións de subministración interrompido por fraude.* 69,1696€

9.2. *Ud. De reposición de conexión de abastecemento anulada por detección de fraude.* 138,3319 €

10.- PREZOS DE MAN DE OBRA E MAQUINARIA PARA TRABALLOS REALIZADOS POLA ADMINISTRACION.

10.1. MAQUINARIA

10.1.1. Hora de compresor	11,5733 €
10.1.2. Hora de camión MAN	36,8050 €
10.1.3. Hora de camión PEGASO	29,4395 €
10.1.4. Hora de camión EBRO	24,1816 €
10.1.5. Hora de retroescavadora TY-45.	39,9552 €
10.1.6. Hora de retroescavadora TY-45 con martillo	99,8918 €
10.1.7. Hora de retroescavadora LY-80.	51,5284 €
10.1.8. Hora de carterpillar 955/950.	51,5284 €
10.1.9. Hora de tractor grúa.	29,4395 €
10.1.10. Hora rodete compactador.	41,0127 €
10.1.11. Hora de bituminadora.	35,7474 €
10.1.12. Hora de compactadora tipo ra, bandexa	7,6205 €
10.1.13. Hora cortadora de pavimentos	22,8691 €
10.1.14. Hora de vehículo lixeiro transporte.	15,2486 €

10.2 MAN DE OBRA

10.2.1. Hora de xornal de PEÓN	9,8632 €
10.2.2. Hora de xornal OFICIAL	10,3957 €

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

31(1414).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.08, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concellería delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos presenta a proposta de Modificación da Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación de Ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais, que figura no presente expediente.

Actualízanse as tarifas vixentes nun 4,2% (variación do IPC entre abril de 2007 e abril de 2008).

Igualmente, actualízanse os mínimos exentos tanto por ingresos brutos anuais per cápita (4,2%) como por valor catastral (2%) que serven para aplicación dos beneficios fiscais regulados no artigo 3.

A presente modificación axústase ó disposto, nos artigos 41 a 47 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó establecido no artigo 44, considerando que a Corporación estima que existen razóns sociais e culturais que aconsellan a fixación das tarifas destes prezos públicos por debaixo do custe estimado no informe económico que se acompaña.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos formula ao Excmo. Concello-Pleno, previo acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación do proxecto, e dictame da Comisión de Xestión Municipal, a seguinte:

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS” (40).

ARTIGO 3.- CONTÍA

As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

a) Cursos e cursiños. Por cada sesenta horas lectivas ou fracción, cota mínima 2,80 €, que poderán ser incrementadas no acto administrativo regulador da convocatoria ata o máximo resultante de dividi-lo custo total do curso entre o número máximo de inscricións admisibles.

c) Escola Municipal de Música:

Música e movemento:

- Matrícula 40,70 €
- 10 mensualidades de 16,15 €

Práctica instrumental. Nivel I:

- Matrícula 56,95 €
- 10 mensualidades de 22,40 €

Práctica instrumental. Nivel II:

- Matrícula 62,05 €
- 10 mensualidades de 24,75 €

Práctica instrumental. Nivel III:

- Matrícula 67,10 €
- 10 mensualidades de 26,80 €

Difusión musical (curso 20 horas)

- Matrícula 30,10 €

Monográfico (curso 20 horas)

- Matrícula 45,20 €

Especialización musical (curso 30 horas)

- Matrícula 150,50 €

d) Escola Municipal de Teatro.

Cursos de teatro para menores, (níveis de iniciación e perfeccionamento)

- Matrícula	24,40 €
- 9 mensualidades de	21,20 €
<i>Cursos monográficos</i>	
20 horas ou fracción.	44,35 €
40 horas	88,65 €
60 horas	133,05 €
80 horas ou mais	177,40 €
<i>Cursos de teatro para persoas adultas (niveis de iniciación e perfeccionamento)</i>	
- Matrícula	86,50 €
- 9 mensualidades de	77,65 €

e) Estarán exentos dos Prezos Públicos regulados na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.415 €. A titularidade de Bens Inmóbles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 47.860 €. Para o disfrute desta exención dictarase resolución da Concellería de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.

f) No caso de que os/as seleccionados/as para a Escola Municipal de Teatro e a Escola Municipal de Música pertencesen a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude inferiores a 5.335 €, quedarán eximidos do pagamento destes prezos públicos.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2009, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

32(1415).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTECENTES O “INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.08, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos presenta a proposta de Modificación da Ordenanza reguladora dos Prezos Públicos por utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes o “Instituto Municipal dos Deportes”, que figura no presente expediente.

Actualízanse as tarifas vixentes nun 4,2% (variación do IPC entre abril de 2007 e abril de 2008).

Igualmente, actualízanse os mínimos exentos tanto por ingresos brutos anuais per cápita (4,2%) como por valor catastral (2%) que serven para aplicación dos beneficios fiscais regulados no artigo 6.

A presente modificación axústase ó disposto, nos artigos 41 a 47 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó establecido no artigo 44, considerando que a Corporación estima que existen razóns sociais e culturais que aconsellan a fixación das tarifas destes prezos públicos por debaixo do custe estimado no informe económico que se acompaña.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos formula ó Excmo. Concello-Pleno, previo acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación do proxecto, e dictame da Comisión de Xestión Municipal, a seguinte:

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTECENTES O “INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES” (52).

CAPITULO V.- EXENCIONS

ARTIGO 6.-

b) Estarán exentos os alumnos de Escolas deportivas que sexan membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.415 €. A titularidade de Bens Inmóbles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 47.860 €.

e) Os alumnos de Escolas Deportivas pertencentes a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude inferiores a 5.335 €.

ARTIGO 18.- PREZOS PUBLICOS.

A) ESPECTÁCULOS

En tódalas instalacións.

- 1 día	3.926,00 euros + iva
- ½ día	2.198,00 euros + iva
- Aluguer escenario	19,64 euros m2 + iva

B) ACTIVIDADES CULTURALS.

- 1 día	549,00 euros + iva
- ½ día	315,00 euros + iva

C) ESPECIAL

Para montar e desmontar.

Hora	35,00 euros + iva
------	-------------------

ARTIGO 19.-

1. ACTIVIDADES DEPORTIVAS-COMPETICIONS, ADESTRAMENTOS.

a) ABONO TEMPADA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS, para todas as entidades deportivas que soliciten a reserva por tempada do uso dunha instalación deportiva.

a.1.-EQUIPOS FEDERADOS:

Categoría especial	196,30 €
1ª Categoría (un só equipo)	78,50 €
1ª Categoría (máis de un equipo)	117,80 €
2ª Categoría	58,85 €

a.2.- EQUIPOS NON FEDERADOS 58,85 €

1.2. COMPETICIONS-EXHIBICIONS: (sin tempo límite)

Atinxe a todas aquelas actividades deportivas nas que, pola súa configuración, requiran competicións dunha longa ocupación coma Patinaxe, Ritmica, Artes marciais.

Instalacións	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Pavillón Central 47,10	78,50	
Outras Instalacións	27,45	47,10

1.3. PARTIDOS (Baloncesto, balonman, Voleibol, Fútbol, etc.)

a) PAVILLÓN CENTRAL

	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Categoría especial	62,80	149,20

b) OUTRAS INSTALACIÓN

	€/hora
Categoría especial	58,85
1ª Categoría	27,45
2ª Categoría	13,30

1.4. ADESTRAMENTOS.

a) PAVILLÓN CENTRAL

	€/hora
Categoría especial e 1ª categoría	11,70

b) OUTRAS INSTALACIÓN e campos de fútbol.

	Pista entera €/hora	Pista compartida €/hora
- Categoría especial e		
1ª categoría.	7,40	5,45
- 2ª Categoría	5,05	3,95

c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS

	€/hora
1ª Categoría (un equipo)	4,30
2ª Categoría (un equipo)	2,35

ARTIGO 20.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO.

1. ACCESO AS INSTALACIÓN.

1.1 Adulto	2,90 €
1.2 Menores	2,00 €

2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓN USO LIBRE).

2.1. Adulto	26,70 €
-------------	---------

2.2. Menores 18,10 €

3. TENIS E FRONTÓN E PADEL

3.1.- Instalacións Cubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	4,30 €	38,70 €
b) 4 Xogadores	5,05 €	45,45 €

3.2.- Instalacións descubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	2,90 €	26,35 €
b) 4 Xogadores	4,30 €	38,70 €

3.3. Suplemento de Luz para Tenis, frontón e padel:

	€/hora
Instalacións cubertas	1,95
Instalacións descubertas	1,25

4.-XIMNASIOS.

4.1. Mensualidade por actividade/clases
dous sesións a semana 15,00 €

4.2. Mensualidade por actividade/clases
tres sesións a semana 18,85 €

4.3.- Cuotas de abonados os Ximnasios.(uso libre).

4.3.1 Adultos (individual anual) 141,40 €

4.3.2 Menores (individual anual) 86,50 €

4.3.3 Familiar (anual) 204,30 €

Os abonados empadroados en Vigo, terán unha bonificación e o seu prezo é de:

4.3.4 Adultos (individual anual) 117,85 €

4.3.5 Menores (individual anual) 62,80 €

4.3.6 Familiar (anual) 173,25 €

5.- SQUASH:

	1 reserva	Abono 10 usos/reservas
Reserva uso pista (45 minutos)	3,95 €.	35,65 €

ARTIGO 21.- PROGRAMAS DE ENSINANZA E PROMOCION DEPORTIVA

1. PROGRAMAS CON PROFESOR (CURSOS NATACIÓN)

1.1. Adultos/mes 30,70 €

1.2. Menores/mes 19,65 €

2. PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN"

€/alumno/mes

2.1. Grupo colexios 6,90 €

2.2. Outros programas 12,65 €

3. ESCOLAS DEPORTIVAS:

3.1. Escolas Deportivas

Por alumno/a-curso 39,35 €

ARTIGO 22.- OUTROS USOS:

1. COLEXIOS:

Instalacións deportivas 7,95 €/hora

2. ACADEMIAS PRIVADAS

Instalacións deportivas 15,70 €/hora

3. RENOVACIÓN DO CARNE

Renovación de carnet 0,85 €

4. SALA DE REUNIÓN:

Sala de reunións: 2,35 €/hora

DISPOSICIONS FINAIS

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2009, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

33(1416).- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DE “PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO DA CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA DE AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS DE VIGO E ZONA COMPLEMENTARIA E EXPLOTACIÓN COMERCIAL”. EXPTE.605/410.

A Xunta de Goberno local retira este punto da orde do día.

34(1417).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á COMISIÓN DE FESTAS DA GUÍA POLA CELEBRACIÓN DA FESTA DA SARDIÑA. EXPTE. 75834/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 10.09.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 30 de xuño de 2008, pola Comisión de Festas da Guía, co CIF G: 36731404, por un importe de 1000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración das festas da Guía e da Sardiña os días 02,03,04 e 05 de agosto de 2008, por non producirse danos na vía pública.

35(1418).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A ERIÑA S.L POR RESERVA ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA ALCALDE GREGORIO ESPINO, 71. EXPTE. 75331/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 2.09.08, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 10 de agosto de 2005 por EIRIÑA, S.L, con NIF B-36005411, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa ALCALDE GREGORIO ESPINO, Nº 71, por non producirse danos.

36(1419).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN CULTURAL DO SALVADOR POLA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DO SALVADOR DE TEIS. EXPTE. 75322/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 3.09.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 28 de xullo de 2008, pola Asociación Cultural do Salvador de Teis, co CIF G: 36769214, por un importe de 4000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración das festas do Salvador de Teis os días 05,06,07,08 e 09 de agosto de 2008, por non producirse danos na vía pública.

37(1420).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A DOWN VIGO DA UTILIZACIÓN DE XARDÍNS DE RIVERA ATIENZA PARA DESENVOLVEMENTO DE CURSO DE XARDINERÍA. EXPTE.4276/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 5 de setembro emitido polo enxeñeiro técnico agrícola do Servizo de Montes, Parque e Xardíns, coa conformidade da concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a Down Vigo á utilización de xardíns de Rivera Atienza para desenvolvemento de curso de xardinería a impartir a alumnos do seu centro no mes de setembro do ano 2008, en horario de 16:00 a 20:00 horas, e nos meses de outubro e novembro de 2008 en horario de 09:30 a 13:30 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

38(1421).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA SIMCO S.L. POLO MANTEMENTO DOS PARQUES FORESTAIS DE VIGO. EXPTE. 4251/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 19 de agosto de 2008 emitido polo enxeñeiro e máis o xefe de área do Servizos Xerais, coa conformidade da concelleira delegada, visto o informe do interventor xeral de data 1 de setembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante os meses de xuño e xullo de 2008, por importe de 47.524,82 €.

2.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 47.524,82 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo á partida orzamentaria 4326.210.00.01

39(1422).- MODIFICACIÓN DEL APARTADO 1 DEL ART. 92 DO PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS DO CONCURSO PARA A XESTIÓN MEDIANTE CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO EN DIFERENTES LUGARES DA CIDADE. EXPTE. 18420/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da técnica de Administración Xeral, do 11.09.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).

Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 30/1992, de 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).

ANTECEDENTES

D. Eloy García Alvariza, en nome e representación da UTE Eloymar – Tranvías e D. Javier Rodríguez Fernández, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A, mediante sendos escritos con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 9 de setembro de 2008, solicitan en nome das súas representadas, titulares respectivamente do lote 1 e do lote 2 da concesión para a construción e explotación de diversos aparcadoiros subterráneos na cidade de Vigo, que o órgano de contratación autorice a apertura do prazo para a presentación de solicitudes de prazas de residentes simultaneamente para todos os aparcamentos que lle foron adxudicados.

Durante a tramitación da presente proposta recabouse informe técnico ó Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa calidade de enxeñeiro municipal supervisor das obras de execución destes aparcamentos, que informa en data 11/09/2008.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de seis aparcadoiros subterráneos de uso mixto, en dous lotes de tres, en diversos lugares da cidade de Vigo, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006. O lote 1, que comprende os aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro resultou adxudicado á UTE Eloymar – Tranvías, e o lote 2, que comprende os aparcadoiros das rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. Os contratos foron formalizados en datas 13 de xuño de 2007 e 10 de outubro de 2007 respectivamente.

Segundo.- A explotación destes aparcadoiros será en réxime de uso mixto, rotatorio e para residentes. Neste senso, esta previsto que se reserven para uso de residentes en réxime de cesión de uso o 20% das prazas de cada un dos aparcadoiros, excepto no da Avenida Castelao, onde a reserva será do 50% (artigo 2.2 PCAP).

Para poder optar a unha praza de residente, o artigo 92.1 do PCAP prevé que doce meses antes da posta en servizo de cada un dos aparcadoiros, segundo previsión que neste senso formule a Dirección facultativa, o Concello proceda a dar publicidade da execución dos aparcadoiros, das condicións de adquisición do dereito de uso, e das datas a partir das cales se poden presentar as solicitudes.

Así, dado que a construción do aparcadoiro da rúa Pintor Colmeiro se iniciou en data 12 de maio do ano en curso e o prazo de execución do mesmo, segundo a oferta presentada polo adxudicatario, é de 16 meses a contar desde o outorgamento da acta de comprobación do replanteo (artigo 6.2 PCAP), procedería realizar xa a publicidade do procedemento para optar a adquisición do dereito de uso de prazas de residentes no mesmo.

Aproveitando o inminente inicio deste procedemento con respecto ó devandito aparcadoiro, os representantes das mercantís adxudicatarias de cada un dos lotes de aparcamentos solicitan, ante a gran demanda de prazas, que se lles autorice a realizar este proceso simultaneamente para todos os aparcadoiros, o que implicaría adiantar o prazo previsto no citado artigo 92.1, e conlevaría necesariamente unha previa modificación deste artigo. O enxeñeiro municipal supervisor das obras de execución informa favorablemente esta solicitude.

Terceiro.- A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigo 59.1 LCAP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato no artigo 30 PCAP.

O órgano de contratación poderá introducir libremente as modificacións que tiña por conveniente, previa audiencia do contratista e sen prexuízo das responsabilidades e indemnizacións que resulten procedentes no seu caso (artigo 114.2 TRRL), sempre que estas obedezan a razóns de interese público, e se cumpran estes dous requisitos:

- 1. Que non se formule oposición por parte do contratista.*
- 2. Cando a contía das modificacións do contrato, illada ou conxuntamente, sexa inferior a un 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, sendo este igual o superior a 6.010.121,04 euros.*

En caso contrario, será preceptivo o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva (artigos 59.3 e 249.2 LCAP e 114.2 e 3 TRRL).

O artigo 101.1 LCAP matiza que, unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación so poderá introducir modificacións por razón de interese público, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, impondo a obriga de xustificalo debidamente no expediente (no mesmo sentido, artigo 240.1 en relación ó contrato de concesión de servizo público).

No presente suposto a modificación contractual é solicitada directamente polos contratistas e non ten repercusión na economía do contrato.

A unificación dos procedementos de oferta de prazas de residentes é de interese público porque implica economía procesual, unha maior eficacia a hora de xestionar o procedemento, maior seguridade xurídica para os cidadáns así como economía de medios, vantaxes que se traducen nunha maior eficiencia polas razóns que pasamos a expoñer.

En primeiro lugar, tendo en conta que os prazos de execución dos diferentes aparcadoiros oscilan entre os 16 e os 36 meses e que a construción de dous de eles, os previstos nas rúas Areal e Rosalía de Castro, aínda non comezou, resulta que ó menos nos dous próximos anos é preciso dedicar recursos humanos tanto para realizar estes procedementos de selección como para facilitar información os cidadáns.

En segundo lugar, porque se trata de procedementos complexos. O iter dos mesmos se axusta o seguinte esquema: convocatoria para a presentación de solicitudes, exame destas para comprobar que os solicitantes reúnen os requisitos esixidos no prego para optar as prazas, sorteo entre os mesmos para determinar o orde de prelación para escoller praza, notificación fehaciente os solicitantes do seu número e citación para a formalización do contrato. Ó ir realizando os procedementos un a un solaparíanse no tempo as diferentes fases de cada un deles o que complicaría as tarefas do persoal tramitador e pode inducir a erros a hora de facilitar información ós cidadáns. Resultaría, en consecuencia, unha medida de eficacia e de economía procesual tramitalos todos de maneira conxunta. Nesta liña, a LRJAP consagra entre os principios que deben rexer a actuación das Administracións públicas o criterio da eficiencia (artigo 3.2 LRJAP).

Por outra banda, o feito de adiantar a oferta de prazas para residentes favorecería que, de non ser a demanda suficiente para cubrir todas as prazas, puidesen realizarse en prazo os mecanismos previstos no prego para esta continxencia: ampliación da zona de influencia (artigo 97.1 PCAP), elevar o número de prazas dispoñibles por vivenda (artigo 98.1 PCAP) ou ben solicitar autorización para dedicar as prazas sobrantes para abonos mensuais ou anuais ou ben para rotación (artigo 107.1 PCAP).

Todos estes problemas son cuestións prácticas que se poñen de releve precisamente á hora de executar os contratos, cando se comeza co procedemento de selección dun dos aparcadoiros, ó fixar o calendario para a realización de cada unha das fases do mesmo. Se trata, polo tanto, de causas imprevistas que non se plantexaron no momento da redacción do prego en que se da prioridade a outros aspectos da relación contractual máis relevantes .

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCS), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCS).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar a modificación do artigo 92.1 do Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006, que resultaría coa seguinte redacción:

92.1.- Al menos doce meses antes da posta en servizo do primeiro dos aparcadoiros obxecto do presente concurso, segundo a previsión que neste senso formule a Dirección Facultativa, o Concello de Vigo, a través de dous xornais dos de maior tirada no Municipio, no BOP e na súa páxina web dará publicidade da execución dos aparcadoiros, das condicións de adquisición do dereito de uso, e das datas a partires das cales se poden presentar as solicitudes”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(1423).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DUN PLAN DE ACTUACIÓN PARA A OPTIMIZACIÓN DO TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE VIGO. EXPTE. 74352/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 20.08.08, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 60.000 euros para a prestación do servizo de redacción dun plan de actuación para a optimización do transporte colectivo urbano de Vigo que se imputarán á partida presupostaria 513.0.227.06.00 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares xunto coa Folla de Especificacións do contrato (FEC) de dta 27.06.2008 e o prego de prescripción técnicas para a contratación do servizo de redacción dun plan de actuación para a optimización do transporte colectivo urbano de Vigo.

3º.- Consultar con almentos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

41(1424).- INCIDENTE DE IMPOSIBILIDADE LEGAL DE EXECUCIÓN DA SENTENZA DICTADA POLO TSXG NO RC-A Nº 02/4065/2002, ANULATORIA DA NOVACIÓN DO CONTRATO CONCLUÍDO PARA A CONSTITUCIÓN DE EMORVISA. EXPTE. 18412/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, do 5.09.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Estimar a solicitude presentada por EMORVISA con data 28 de maio de 2008 e en consecuencia ordear á Asesoría Xurídica Municipal a elaboración para a súa remisión ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do escrito de manifestación da imposibilidade legal de executar a súa Sentenza de data 23 de febreiro de 2006, que anulou o acordo do Pleno da Corporación Municipal de 27 de setembro de 2001, que transferiu á “ Funeraria Viguesa, S.A.” 1.230 accións das 1.530 de titularidade do Concello, polos motivos que figuran no informe que antecede.

42(1425).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN SOBRE AUTORIZACIÓN DE PERMISO RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA Dª. SARA FERNÁNDEZ CARPINTERO. EXPTE. 18413/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 25.08.08, que di o seguinte:

Con data 22 de agosto de 2008, Dª Sara Fernández Carpintero, administrativa de administración xeral, adscrita a Intervención Xeral, solicita se lle conceda un permiso para atender o coidado dun familiar de primeiro grao (mai), atendendo o previsto na Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio da función pública de Galicia.

O art. 70.k) da Lei 13/2007, de modificación da Lei 4/1988 da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, acollidos/as ou familiares conviventes, e para atender o seu coidado, o persoal funcionario terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

A interesada aporta os correspondentes informes médicos acreditativos da gravidade e da necesidade de axuda familiar continua, os cales serán tratados como datos especialmente protexidos.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes propón ó Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a Sara Fernández Carpintero, nº de persoal 76508, administrativa administración xeral, adscrita á Intervención Xeral, un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais, de conformidade co previsto no art. 70.k) da Lei 13/2007, para atender ao coidado da súa nai.

O presente permiso iniciarase o 26 de agosto e finalizará o 24 de setembro de 2008.

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, con data 25.08.08, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

43(1426).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN RELATIVA AO TRASLADO DA FUNCIONARIA D^a. M^a JOSÉ FARALDO RIVAS. EXPTE. 18438/220.

Dáse conta do resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 29.08.08, que di o seguinte:

Con data 16 de xullo de 2008, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, D^a M^a José Faraldo Rivas, auxiliar de admón. xeral adscrita a Xerencia Municipal de Urbanismo, solicita o seu traslado ao servizo de Educación.

Con data 18 de xullo seguinte envíase dita petición á Xerencia Municipal de Urbanismo para informe, o cal é remitido favorablemente.

Considerando o recollido no artigo 81.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que contempla que as Administracións Públicas, de xeito motivado, poderán trasladar aos seus funcionarios por necesidades de servizo ou funcionais a unidades, departamentos ou organismos públicos distintos aos do seu destino, respectando as súas retribucións, condicións esenciais de traballo e modificando no seu caso a adscripción dos postos de traballo dos que sexan titulares;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e en concreto as que ostento en relación á xefatura directa e inmedita do persoal municipal segundo delegación efectuada en Decreto de data 05/07/2007,

R E S O L V O

“Primeiro.- *Dispoñer o traslado da funcionaria D^a M^a José Faraldo Rivas, con DNI 36.056.377-J e nº de persoal 22088, auxiliar de admón. Xeral adscrita ao Servizo Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, posto de traballo código retributivo 138, ao Servizo de Educación, onde desenvolverá as funcións propias do seu posto de traballo.*

De conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigo 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e co obxecto de adecua-las partidas orzamentarias ao cambio funcional antedito, autorízase a transferencia de crédito do posto traballo de auxiliar de admón. Xeral código retributivo 138, adscrito ao Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo Cod. 410 partida funcional 432.0 ao Servizo de Educación Cod. 332, partida funcional 422.0

Asimesmo, a modificación que orixina o referido traslado deberá ser incorporada pola Unidade de Persoal na vindeira Relación de Postos de Traballo que se elabore e aprobe.”

Segundo.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado ás interesadas, xefes/as dos servizos correspondentes e concelleiros/as-delegados/as da áreas afectadas, Xefatura da Área de Réxime Interior, Unidade de Persoal (Organización e Métodos), Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

44(1427).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL, FEBREIRO A XULLO 2008 E DECEMBRO 2007. EXPTE. 18398/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 9.09.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 1.09.08, conformado pola xefa da Undiade de Persoal e o concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de FEBREIRO e XULLO 2008 con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Central	De Guillermo Abelleira Porrua a José Antonio Rodríguez Souto	Decembro-2007	237,00
Desinfección	De M ^a Salomé Araujo Rodríguez a José Manuel Sousa Atrio	Febreiro e Marzo-2008	674,00
Vías e Obras	De José Manuel Martínez González a Miguel A. Fernández González	Febreiro e Marzo 2008	70,00
Alcaldía	De Basilio costas Fernández a Cesareo M. Rocha Paramés	Marzo 2008	163,00
Conserxería	De M ^a Teresa Vaqueiro Herbelo a José Angel Fernández Alonso	Marzo 2008	70,00
Vías e Obras (Ins-pecc. Obras)	De Benito Barciela Simón a Ricardo Lobato Cameselle	Marzo 2008	103,00
Montes, Parques e Xardíns	Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Álvarez	Marzo 2008	423,00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a J. Manuel Sixto Pérez	Marzo 2008	864,15

Parque Central	De Guillermo Abelleira Porrua a José Antonio Rodríguez Souto	Marzo 2008	235,00
Policia Local	De David Alonso Duarte a Fernando Villa Agulla	Xullo 2008	515,30
Extinción Incend	De Alfredo Cabaleiro Besada a Mª Luz Palmás Calvar	Xullo 2008	69'00
1ª Tenencia de Alcaldía	De Juan Pablo Alonso Rodríguez a José Luis Pérez Costas	Xullo 2008	152,00
	TOTAL	3.575,45

O montante do presente expediente ascende a un total de 28.909,44 €”.

45(1428).- PROPOSTA EN RELACIÓN COAS RETRIBUCIÓNS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO. EXPTE. 8/105.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 10.09.08, coa conformidade do Sr. Alcalde, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro: A aplicación do artigo 23 do vixente Acordo Regulador das Condicións Económicas e Sociais do Persoal ao servizo do Concello de Vigo, con efectos dende o 1 de decembro de 2007, en canto ao aboamento do 100% dos recargos por festividade e nocturnidade en caso de accidente laboral ao persoal do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo. O aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade realizaranse nas contías que procedan, segundo a distribución das xornadas de traballo previamente establecidos nos cadrantes mensuais do servizo. A os efectos da súa actualización a 31 de agosto de 2008, se achega no expediente o cadro coas cantidades deixadas de percibir sen prexuízo da súa comprobación polos servizos correspondentes.

Segundo: A aplicación do artigo 23 do vixente Acordo Regulador das Condicións Económicas e Sociais do Persoal ao servizo do Concello de Vigo, con efectos dende o 7 de marzo de 2008, en canto ao aboamento do 100% dos importes por exceso de xornada (horas estruturais) en caso de enfermidade común ao persoal do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo, modificando as instrucións de plantilla aprobadas o 4 de agosto do 2008 (B.O.P. 10.09.2008) e suprimido o párrafo final da Instrucción 4ª, apartado f. A os efectos da súa actualización a 31 de agosto de 2008, se achega no expediente o cadro coas cantidades deixadas de percibir sen prexuízo da súa comprobación polos servizos correspondentes.

Terceiro: Establecese un periodo de vixencia temporal do acordo ata o 31 de decembro de 2008, momento no que se realizará un análise exhaustivo da repercusión do mesmo en canto aos niveis de absentismo no servizo de extinción de incendios e salvamento, e no caso de que o acordo repercute negativamente, procederase a deixar o anterior sen efecto no caso de que se comprobe a efectiva repercusión negativa no servizo.”

46(1429).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓNS. EXPTE. 50885/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 15.08.08, conformado polo enxeñeiro xefe do Servizo de Vias e Obras, polo interventor xeral e pola xefa de fiscalización, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 23 de abril de 2007, adxudicou a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. o contrato para suministro de formigóns cun presuposto máximo de 400.000,00 € a razón de 200.000,00 € en cada anualidade.

O contrato formalizouse o día 28 de maio de 2007, data da súa entrada en vigor, de conformidade co previsto na súa clausula 4. do mesmo.

No prego de concicións administrativas particulares, nas “ follas de características do contrato” , concretamente na nº 9 , contéplase que procederá a revisión de prezos a partires do primeiro ano de vixencia do contrato e na súa prórroga, da mesma duración no caso de acordarse, e que se contará a partires da data de aprobación do referido prego que tuvo lugar o día 22 de febreiro de 2007

Polo tanto o período de revisión extenderase dende febreiro de 2007 ata 31 de maio de 2008 e supón un 7,1 % segundo informe do INE correspondente o período febreiro 2007 – maio 2008

O artigo 127.1.f) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, vixente na data de iniciación do contrato e no mesmo senso a disposición adicional 4ª da lei 30/2007 de 30 de setembro que aproba a LCSP e que deroga a referida letra do precepto da Lei de Bases, atribúe á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, as competencias na materia

Previamente a someter o expediente a acordo da Xunta de Goberno Local deberán informar a Asesoría Xurídica Municipal e a Intervención Xeral os efectos legais oportunos.

Por isto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

Aprobar a revisión de prezos do contrato de suministro de formigóns adxudicado á mercantil PABLO VAL, S.L. “ con data 7 de maio de 2007 correspondente o período 26 de febreiro 2007 a 28 de maio 2008, que segundo informe do INE supón un 7,1% de incremento de tódolos prezos unitarios dos materiais incluídos no contrato.

A revisión será de aplicación polo tanto a tódolos materiais de construción subministrados polo contratista a partires o vinteoito de maio de 2008.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

47(1430).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN. EXPTE. 50894/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 20.08.08, conformado polo enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras, polo interventor xeral e pola xefa de fiscalización, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 23 de abril de 2007, adxudicou a TRANSPORTE PABLO VAL, S.L. o contrato para suministro de materiais de construción cun presuposto máximo de 700.000,00 € a razón de 350.000,00 € en cada anualidade.

O contrato formalizouse o día 21 de maio de 2007 e a data da súa entrada en vigor foi o 1 de maio de 2007 de conformidade co previsto na súa clausula 4. do mesmo.

No prego de concicións administrativas particulares, nas “ follas de características do contrato” , concretamente na nº 9 , contéplase que procederá a revisión de prezos a partires do primeiro ano de vixencia do contrato e na súa prórroga, da mesma duración no caso de acordarse, e que se contará a partires da data de aprobación do referido prego que tuvo lugar o día 22 de xaneiro de 2007

Polo tanto o período de revisión extenderase dende xaneiro de 2007 ata 31 de maio de 2008 e supón un 6,5 % segundo informe do INE correspondente o período xaneiro 2007 – abril 2008

O artigo 127.1.f) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, vixente na data de iniciación do contrato e no mesmo senso a disposición adicional 4ª da lei 30/2007 de 30 de setembro que aproba a LCSP e que deroga a referida letra do precepto da Lei de Bases, atribúe á Xunta de Goberno Local, na súa capacidade de órgano de contratación, as competencias na materia

Previamente a someter o expediente a acordo da Xunta de Goberno Local deberán informar a Asesoría Xurídica Municipal e a Intervención Xeral os efectos legais oportunos.

Por isto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

Aprobar a revisión de prezos do contrato de subministro de materiais de construción adxudicado á mercantil PABLO VAL, S.L. “ con data 23 de abril de 2007 correspondente o período 22 de xaneiro 2007 a 30 de abril 2008, que segundo informe do INE supón un 6,5 % de incremento de tódolos prezos unitarios dos materiais incluídos no contrato.

A revisión será de aplicación polo tanto a tódolos materiais de construción subministrados polo contratista a partires 1 de maio de 2008.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

48(1431).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA XXV MARCHA ASPANAEX O VINDEIRO DÍA 5.10.08 DENDE O AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 406/107.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do coordinador da Tenencia de Alcaldía, do 8.09.08, conformado polo tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a celebración da XXV Marcha Aspanaex o vindeiro día 5 de outubro de 2009, con saída e chegada no Auditorio de Castrelos a partires da 10.30 ata as 13.30 horas.

49(1432).- RENUNCIA DE BOLSEIRA PARA PRÁCTICAS NAS OFICINAS E SERVIZOS TURÍSTICOS DA CONCELLERÍA DE TURISMO E CONTRATACIÓN DE SUPLENTE. EXPTE. 2377/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico Medio de Turismo, o 9.09.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a renuncia de Dona Cristina Pena Gayo con DNI 36174941N, a bolsa de formación para a realización de prácticas nas oficinas e servizos turísticos da Concellería de Turismo, que se desenvolven dende o 15 xuño ata o 15 de outubro de 2008, ámbolos inclusive.

Segundo.- Aprobar a contratación de Don Enrique Graña Dotras con DNI 39450724C, da lista de suplentes por orde de prelación.

50(1433).- DISOLUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA U.A. 2 CARRASQUEIRA. EXPTE. 4816/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 28.08.08, conformado polo xefe da Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión do 27 de novembro de 2003, aprobou definitivamente o Proxecto de Estatutos e Bases para a constitución e funcionamento da Xunta de Compensación da U.A. 2 Carrasqueira, expte. 4422/401.

Con data 20 de xaneiro de 2004 a Xunta de Compensación da U.A 2 Carrasqueira, presenta para a súa aprobación por esta administración, a escritura de constitución da devandita Xunta de Compensación, interesando tamén o seu traslado para a súa inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas colaboradoras.

A escritura pública de constitución da Xunta de Compensación foi outorgada por D^a Ana Eugenia Blanco Longueira en representación de Apartamentos Paseo Marítimo S.L. e outros propietarios do polígono que representan mais do 50% da súa superficie ante o Notario D. Jose Antonio Rodríguez González, ao número 29 do seu protocolo, o día 8 de xaneiro de 2004.

De conformidade co disposto no artigo 168 e 169.2 do R.X.U. en relación co artigo 5 do R.D. 1093/1997 de 4 de xullo a xunta de compensación foi inscrita no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras da CPTOPT por resolución do Director xeral de urbanismo de 22.03.04.

Por acordo de 20.12.04 a Xunta de goberno local acordou aprobar definitivamente o Proxecto de de compensación da U.A. 2 Carrasqueira, expediente 4536/401.

O 29 de abril de 2008, D^a Ana Eugenia Blanco Nogueira na súa calidade de presidenta da Xunta de Compensación da U.A. Carrasqueira presenta escrito no que se comunica a disolución da Xunta de compensación do mencionado ámbito, achegando posteriormente para o efecto escritura pública de disolución, outorgada perante o Notario don José Antonio Rodríguez González do 08.07.08, constando no número 1634 do seu protocolo.

En consecuencia, vista a normativa aplicable, artigo 154 e seguintes da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia , artigo 30.1 do Regulamento de Xestión Urbanística e 127.1 d) da LRBR na nova redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, propónse á Xunta de goberno local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobala disolución da Xunta de Compensación da U.A. 2 Carrasqueira constituída por escritura de constitución da Xunta de Compensación e que foi outorgada porla xunta de compensación do polígono que representaba máis do 50% da súa superficie ante o Notario D. Jose Antonio Rodríguez González, ao número 29 do seu protocolo, o día 8 de xaneiro de 2004. Inscrita no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras do 22 de marzo de 2004. A escritura de disolución é de 08.07.08, realizada ante o notario don José Antonio Rodríguez González (número de protocolo 1634).

Segundo.- Traslada-lo presente acordo ó Sr. Director Xeral de Urbanismo da CPTOPV para a súa constancia no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras, conforme ó disposto na orde do 30 de decembro de 1999 da citada Consellería e o artigo 30 do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

51(1434).- PROXECTO DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DA URBANIZACIÓN DA U.A. POBO GALEGO E O SEU ENTORNO. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4799/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 28.08.08, conformado polo xefe da Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

O Concello-Pleno o 3 de xullo de 1998, aproba definitivamente unha Modificación puntual do Plan especial dos elementos a conservar, expte. 4556/411 (publicado no DOG nº 181 do 17 de decembro de 1998), pola que se al-

tera a delimitación actual, excluindo o cuarteirón abranguido entre Príncipe, Travesía da Aurora e Doctor Cadaval, se modifica o ancho desta última que pasa de 12 a 10 m. de sección. Mantense a aliñación posterior do edificio do Pobo Galego (en situación de ruína), se incrementa a superficie do aparcadoiro previsto en subsolo que acada o límite da Unidade de actuación, con tres plantas e unha superficie total a construír de 3.075 m². Por último se recolle a ordenación do solar definida no Estudio de detalle redactado polos arquitectos d. Enrique e d. Martín Colomé Montañés, expte. 2053/411, visado polo Colexio profesional o 14 de xullo de 1997, e aprobado inicialmente polo Concello Pleno en sesión do 28 de maio de 1992, (publicadono BOP nº 197 de 9 de outubro de 1992), polo que se considera un único sólido, cunha superficie en planta de 355,60 m², unha edificabilidade sobre rasante de 1.780 m², unha altura de catro plantas e fíxase unha superficie para viais de 1.380 m² e para praza 702 m².

O sistema de execución previsto na Modificación puntual do PEEC para desenvolver a Unidade de actuación "Pobo Galego" é o de compensación, non obstante optouse polo de concerto con ocasión da aprobación do proxecto de equidistribución. O mesmo foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local de 26.12.05.

En data 31.12.06 a Xunta de goberno local deu aprobación ó proxecto de urbanización, reproducíndose a seguir a parte dispositiva: "(...) Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da unidade de actuación "Pobo Galego", elaborado polos arquitectos dona Guadalupe Piñeira Manso e don Jesús Irisarri Castro <visado o 3.11.05, 3.05.06 e 20.06.06> (...)".

O 11.02.08 o arquitecto de control da Delegación de Vigo do Colexio oficial de arquitectos de Galicia presenta escrito co seguinte contido: "(...) O Coag recibiu aprobación definitiva do proxecto de urbanización da Praza do Solar do <El Pueblo Gallego> no expediente 4360/401 en data de vinte e sete de novembro de 2006. Dacordo cos datos que figuran no expediente, ésta dase para unha Unidade de Actuación de 1.922 m², correspondendo 681 m² á nova praza e o resto da superficie a parte dos viais que a rodean: Doctor Cadaval, Rúa Perú e Travesía de Aurora e parcela destinada á nova edificación que constituirá a nova sede do Colexio de Arquitectos. No informe técnico que figura no expediente expñse que ditos límites de actuación son <formales> ou <administrativos>, non incluíndo a sección total dos viais e indicando que se debe estender a urbanización ás zonas que foron tratadas recentemente, para que o espazo interposto sexa urbanizado de xeito global. Os límites da unidade de actuación afectan as partes de rúas –parte de Doctor Cadaval-; urbanización ata o eixo da rúa –Travesía de Aurosa entre rúas Perú, Lugo e Doctor Cadaval- e partes de beirarrúas –separación de 1 m. aos edificios-. Este límite suporía executar a urbanización de xeito contrario ás boas prácticas e oposto á consecución do obxectivo común de urbanizar espazos completos con calidade. Na proposta do COAG, que se entrega en plano anexo –en cor verde-, mantense a superficie en 1.922 m² fixados da Unidade de Actuación, mantense o presuposto que figura no expediente e que se fixa que o ámbito axustado comprenda entre a rúa Príncipe ata Doctor Cadaval, tendo como outros límites as rúas Perú e Lugo. Deste modo dase cumprimento ao acordo de buscar que o espazo sexa urbanizado de xeito global. SOLICITA: Axuste dos límites a urbanizar da Unidade de Actuación e que os anteditos límites non sexan "formais" ou "administrativos", senón que pasen a ser límites concretos dunha urbanización realizable (...)".

O Xefe dos servizos técnicos informou o 12.02.08 o seguinte: "(...) O 31/07/2006, a Xunta de Goberno Local aprobou definitivamente o <Proxecto de Urbanización da Unidade de Actuación do Pobo Galego, exp. 4630/401>. A superficie a urbanizar inclúe tramos da rúa Dr. Cadaval e Travesía de Aurora xa urbanizados. Os informes técnicos recomendaban, aproveitamento esta nova praza, actuar no entorno, humanizando os viais de conexión, o sea, Dr. Cadaval, Lugo e Perú. A día de hoxe, o Concello nin ten redactado o proxectado, nin consignación presupostaria. As obras do edificio do COAG estasen a construír, tendo previsto a súa ocupación no mes de decembro próximo. Sendo conscientes da dificultade que entraña a execución dos tramos de vial previstos e preocupados polo retraxo municipal, o COAG presentou o 11/02/2008, solicitude de axuste de límites da UA ós efectos de independizar no posible, a súa actuación do que poida facer o Concello.....<mantense a superficie de 1.922 m². Fixados na UA, mantense o presuposto que figura no expediente, e se fixe que o ámbito axustado dende a rúa Príncipe ata Dr. Cadaval, tendo como límites as rúas Perú e Lugo...>. Achega plano. A solicitude plantexada é razoable, sen menoscabo da calidade das obras. Insistir en manter o ámbito aprobado, estaría contra as boas prácticas de execución. Por outra banda, no suposto e que o Concello, por insuficiencias presupostarias non lle fora posible remata-la súa actuación e humanización, o edificio podería contar coa licenza de primeira ocupación o estar nun entorno como urbanización consolidada. As superficies son equivalentes <1.922 m>. Polo tanto, entendo que procede accede-lo solicitado, condicionado a que se no desenvolvemento

das obras, compróbase algunha canalización ou instalación en mal estado, a súa reparación ou substitución sería por conta do solicitante. Enténdendose o referido, o novo ámbito de actuación (...)

A Xunta de Goberno Local na súa sesión de 9.06.08 acordou o seguinte: “(...)1.- Aprobar inicialmente o convenio de xestión contido como Anexo á presente proposta, a subscribir entre o Concello de Vigo e o Colexio oficial de Arquitectos de Galicia polo que se define e harmoniza o ámbito de urbanización do polígono “Pobo Galego” e o seu entorno. 2.- Someter o presente convenio a un trámite de información pública por un prazo de vinte días. Publíquese a apertura do mesmo no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión da provincia de Pontevedra (...)”.

Según consta no certificado do Secretario da Xerencia municipal de urbanismo, durante o trámite de información pública non se presentaron alegacións.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

1.- *Obxecto e natureza do convenio.*- O presente convenio ten por obxecto a definición das obras de urbanización que lle corresponde executar ó Colexio oficial de arquitectos de Galicia dada a súa condición de promotor da execución do polígono único da unidade de actuación “Pobo Galego”. O interese público na subscripción do presente convenio, consiste na harmonización das obras de urbanización do entorno e a programación da execución das mesmas. A natureza do convenio ven definida no artigo 234.b da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia: “(...) aqueles que non afectando en absoluto a ordenación urbanística se limiten á determinación dos termos e as condicións da xestión e a execución do planeamento e demais instrumentos existentes no momento da súa formalización. Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderá derivar ou resultar modificación, alteración, excepción ou dispensa de planeamento (...)”.

2.- *Análise das cláusulas do convenio.*- Tra-la emisión do informe por parte do Director dos servizos técnicos de data 12.02.08, estímase convinte completar o ámbito da urbanización da Unidade de Actuación “Pobo Galego”. Con respecto a rúa Doctor Cadaval, ó corresponder parte da súa urbanización ós promotores da actuación e parte o Concello, fai necesaria o establecemento de medidas que permitan un tratamento unitario á hora da execución da urbanización. De tal xeito, parece razoable que sexa o Concello (dado que lle corresponde a maior parte do tramo da rúa Doctor Cadaval) o que execute a totalidade do vial para darlle un tratamento uniforme. Así mesmo, resulta de interese para o Concello que os viais circundantes á actuación en execución teñan as mesmas características técnicas que a praza á que dan acceso.

3.- *Procedemento de subscripción e formalización dun convenio de execución de planeamento e ausencia de alegacións no expediente.*- O anuncio polo que se daba coñecemento da apertura dun trámite de información pública foi inserido na edición número 60 do 24 de xullo do Diario Oficial de Galicia. Así mesmo, foi publicado o día 11 de xullo no Faro de Vigo e exposto no Taboleiro de anuncios da Xerencia municipal de urbanismo. De acordo co previsto no artigo 237.4 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, procede o adopción do acordo de aprobación definitiva. Así mesmo, deberá notificarse que no prazo de quince días seguintes á notificación da aprobación, deberá formalizarse o convenio. Transcorrido este prazo sen que tal asinamento tivese lugar, entenderase que renuncian a aquel.

4.- *Órgano competente para a aprobación do convenio.*- Tendo en conta o disposto no artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril (introducida pola Lei 57/03), reguladora das bases de réxime local, o órgano competente para a adopción do presente acordo, é a Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, á vista do informado, se propoñe a adopción do seguinte acordo:

1.- *Aprobar definitivamente o convenio de xestión contido como Anexo á presente proposta, a subscribir entre o Concello de Vigo e o Colexio oficial de Arquitectos de Galicia polo que se define e harmoniza o ámbito de urbanización do polígono “Pobo Galego” e o seu entorno.*

2.- *Comunicar ó Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a necesidade de formalizar o convenio no prazo máximo de quince días dende a notificación do presente acordo.*

3.- *Informar ós interesados que contra o presente acordo poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

52(1435).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR “PROMOCIONES DE OBRAS INMOBILIARIAS VIGO S.A.” Ó ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 27.08.07. EXPTE. 152/413.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 23.08.08, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

En data do 6 de xuño de 2003, o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos concretos bens e dereitos afectados polo ensanche e mellora da rúa Gandarón, entre a Avenida de Madrid e a rúa Alcalde Lavadores -implícita no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana-, incluído no convenio asinado entre esta Administración municipal e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia en data 30.02.2000.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa sesión do 10 de outubro de 2003, acordou a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de referencia.

O día 11 e 12.12.03, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, acordou ó levantamento das actas previas á ocupación das parcelas afectadas. O pagamento dos depósitos previos se realizou o 27.10.04.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 7.02.05 se puso a disposición da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia os terreos necesarios para a execución das obras de ensanche e mellora da rúa Gandarón.

A Xunta de Goberno Local deu aprobación o 27.08.07 ó seguinte acordo: “(...) Estimar a solicitude de expropiación da totalidade presentada por (...) <Promociones obras inmobiliarias, S.A.> <P 046> (...)”.

O 10.06.08 “Promociones de obras inmobiliarias Vigo, S.A.” presentou recurso de reposición ó acordo da XGL de data 27.08.08.

Examinado o expediente, compróbase que efectivamente en ningún momento se solicitou a expropiación da totalidade.

Na fase de determinación do xustiprezo o propietario da parcela P 027 presenta folla de aprecio á folla de valoración extendida pola Administración. Non se encontraba entre os elementos valorables pero si relacionados, un muro de peche de 48 ml con enreixado metálico superior.

Con posterioridade a oficina de actuacións viarias o 27.11.05 presenta informe no que se informa o seguinte: “(...) Tra-la revisión das alegacións, se han observado dos errores (...) la segunda parcela P -027, se abona un muro de piedra con enrejado superior metálico, que un pincipio se trasladaba, ya que el propietario ha pedido expresamente el abono del mismo (...)”.

Consta certificado de existencia de crédito.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1.- Admisibilidade do recurso de reposición presentado.- De acordo con lo previsto nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, procede a admisión do recurso presentado.

2.- Estimación do recurso.- Á vista do expediente e dos escritos presentados polos interesados, procede a estimación do recurso, dado que en ningún momento se solicitou a expropiación da totalidade da parcela.

3.- Apertura dun trámite de audiencia á valoración realizada do muro de pedra e enreixado metálico.- Tendo en conta o informe da actuacións viarias de data 27.11.05, procede a apertura dun trámite de audiencia achegando a correspondente folla de valoración ó propietario para que no prazo de quince días mostre a súa conformidade ou disconformidade coa valoración practicada do muro. A folla valora os 48 ml de muro de peche de pedra con enreixado metálico superior en 1.728 €.

4.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o establecido no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, o órgano que ten atribuída a competencia para adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, procede a adopción do presente ACORDO

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición interposto por “Promociones de obras inmobiliarias Vigo, S.A.” presentado o 10.01.08 (doc número 80002950) perante o acordo da XGL de data 27.07.07. Consecuentemente se deixa sen efecto a expropiación da totalidade da parcela 27 do proxecto expropiatorio da rúa Gandarón (expte 152/413).

Segundo.- Outorgar un trámite de audiencia á valoración realizada do muro de pedra e enreixado metálico por un prazo de quince días para que o propietario mostre a súa conformidade ou disconformidade coa valoración realizada.

Terceiro.- Informar que contra o primeiro punto do acordo unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo. Perante o segundo punto do acordo, tense que informar que non procede a interposición de recurso por tratarse dun acto de trámite.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

53(1436).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA AMPLIACIÓN DO GRADERÍO DE BOUZAS. EXPTE. 7815/333

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proosta od xefe de negociado de contratación, do 15.09.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Adjudicar definitivamente a Mondo Ibérica, S.A. o procedemento negociado sen publicidade da execución das obras do proxecto de ampliación de graderío no Polideportivo de Bouzas. (Expte. 7815-333) por un prezo total de 209.400 euros (dos que 180.517,24 euros e o prezo sen IVE e 28.882,76 euros corresponde o IVE) e un prazo de execución de 35 días. Todo iso de acordo co proxecto e pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 14-07-2008 e a oferta presentada.

54(1437).- BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE CATRO BOLSAS DE FORMACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS DA CONCELLERÍA DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO. EXPTE. 2533/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico medio do Servizo de Turismo, do 2.09.08, conformado polo concelleiro da Área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases xerais e a convocatoria específica para a concesión de catro bolsas de formación para a realización de prácticas nas oficinas e servizos turísticos da Concellería de Industria, Comercio e Turismo, que se desenvolverán dende o 16 outubro 2008 ata o 15 de xuño de 2009 (8 meses), ámbolos dous inclusive.

2º.- Aprobar o gasto de 28.800 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 7510.4810000, "Transferencias a Familias e Institucións". A contía total que se executará no ano 2008 ascende a 9.000 euros (2,5 meses x 4 persoas x 900 euros brutos). Os 19.800 euros restantes executaranse ó presuposto do ano 2009 (5,5 meses x 4 persoas x 900 euros brutos).

55(1438).- PRÓRROGA DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN XUVENIL DO CASTRO. EXPTE. 2333/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 27.08.08, conformado polo tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Prorrogar a xestión do programa de Dinamización Xuvenil do Castro do que é adxudicatario Xegalia S.L. por un ano mais, dende setembro do 2008 ata agosto do 2009 polo importe de 62.556,83 €, correspondendo ao presente ano (setembro/décembro) a cantidade de 20.852,27 €.

56(1439).- CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS DURANTE O ANO 2008. EXPTE. 7688/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención de data 12.09.08 coa conformidade do interventor xeral, e de acordo co informe proposta de data 08.09.08 emitido polo director deportivo do IMD, coa conformidade do concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Outorgar as seguintes subvencións ós clubs relacionados no Anexo I, por un total de 226.000,00 €, correspondentes á 1ª resolución da convocatoria de subvencións para a organización de eventos deportivos no ano 2008, con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01 do orzamento do 2008.

2.- Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades pola seguintes causas:

3. ENTIDADES NON DEPORTIVAS:

ENTIDADE	CIF	OBSERVACIÓNS
ETNIA, ASCO. CULTURAL GALEGO BRASILEIRA	G-36994010	A modalidade non está considerada deportiva.

4. ENTIDADE QUE PRESENTOU A SOLICITUDE SEN SELO DE REXISTRO:

ENTIDADE	CIF	OBSERVACIÓNS
CLUB DEP. AAVV A PAZ	G-36888550	A solicitude carece do selo de entrada no rexistro do Concello.

3. OUTROS:

ENTIDADE	ACTIVIDADE POLA QUE SOLICITAN SUBVENCIÓN	CIF	OBSERVACIÓNS
KENDO	1º SEMINARIO GALEGO DE KENDO	G-27709120	Non se considera un evento deportivo. Senón unha actividade de formación.
LA MURALLA CLUB HIPICO	HORSEBALL- JORNADA DE LIGA	G-36890838	Actividade enmarcada na competición regular da entidade.
PRAIA DE VIGO CLUBE DE VELA	PROGRAMA DE CONTINUIDADE DE WINDSURF	G-36929446	Non se considera un evento deportivo, senón de actividades enmarcadas no programa regular da tempada.
O PICACHO A.D	XORNADAS DE FORMACION ADESTRADORES PAIS	G-36630117	Non se enmarca nas características de evento deportivo.
VETERANOS DE SAMIL	III MILLA POPULAR PRAIA DE SAMIL 08	G-36841906	A entidade renunciou á subvención ó cancelarse a proba por problemas organizativos.
FED. PEÑAS DEL CELTA	XI CONVENCION DE PEÑAS DO RC CELTA E XI TORNEO DE FUTBOL	G-36190668	Non se trata dun evento deportivo senon de carácter social e de intercambio cultural.
IFCO LEE MANUEL BOXEO	TORNEO DE SELECCIONES DE BOXEO OLÍMPICO	G-36991495	Non se celebrou debido a dificultades organizativas
MONTECEIVE	CAMPAMENTO DE INVERBO E CAMPAMENTO SOCIAL PRIMAVERA.	G-36823813	Actividades de convivencia, aínda que non eventos deportivos.
SAN JOSÉ DE CLUNY	FESTA DO DEPORTE	G-36755676	Actividade interna da entidade.
C.B. Area Metropolitana	CIDADE DE VIGO DE BALONCESTO	G-36825347	Actividade suspendida por motivos organizativos.
MARCOTE SCD	I TROFEO ACEIMAR FUTBOL SALA FEMENINO	G-36658052	Actividade interna regular da entidade.

ANEXO I

LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCIÓNS ACADADAS POLAS MESMAS NA “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS DURANTE O ANO 2008.”

1.

Nome do Evento	GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO – GRAN PREMIO ÁREA METROPOLITANA		
Entidade Organizadora	Club Ciclista Vigués	CIF	G-36650885
Descrición do Evento	Probas clásicas do calendario deportivo da cidade, de gran importancia deportiva no calendario da modalidade, e unha importante repercusión social e mediática.		
Subvención Acadada	20.000,00€		

2.

Nome do Evento	16ª FESTA DO JUDO INFANTIL - TROFEO MESTRE DE FRUTOS.		
Entidade Organizadora	Asociación Deportiva Famu	CIF	G-36681633
Descrición do Evento	Evento que reúne a máis de mil judokas infantís de toda Galicia aorredor dunha exhibición de Judo, que cumpre a súa 16ª edición.		
Subvención Acadada	6.500,0€		

3.

Nome do Evento	XIII GRAN PREMIO INTERNACIONAL DE JUDO CIDADE DE VIGO.		
Entidade Organizadora	Federación Galega de Judo	CIF	G-15109267
Descrición do Evento	Competición de carácter Internacional que acolle a Judokas de alto nivel de España e Europa. Proba de gran tradición na cidade, acada un gran nivel deportivo.		
Subvención Acadada	6.000,00€		

4.

Nome do Evento	VII TORNEO INTERNACIONAL DE TENIS FEMININO E O LXVII CAMPIONATO DE VIGO DE TENIS.		
Entidade Organizadora	Federación Galega de Tenis	CIF	G-15102767
Descrición do Evento	O Torneo Internacional de Tenis Feminino atópase incluído no calendario oficial Internacional puntuando oficialmente, e acollendo a Tenistas de todo o mundo. O Campionato de Vigo de tenis é un clásico do tenis Galego,		
Subvención Acadada	12.500,00€ (T. Intnal Feminino)-1.500€ (LXVII Cto. Vigo de tenis).		

5.

Nome do Evento	XXII TRIATLON CIDADE DE VIGO-CAMPIONATO DE ESPAÑA DE TRIATLON		
Entidade Organizadora	Club Triatlon Vigo	CIF	G-36705101
Descrición do Evento	Campionato oficial de España da Modalidade de Triatlon ó que acuden deportistas da modalidade de todo o País, nunha competición na que se proclama ó campión de España da Modalidade.		
Subvención Acadada	18.000,00€		

6.

Nome do Evento	LXVIII CONCURSO INTERNACIONAL DE TENIS CIDADE DE VIGO		
Entidade Organizadora	Club de Campo de Vigo	CIF	G-36613685
Descrición do Evento	Torneo de tenis de Gran tradición na cidade que cumpre a súa 58ª edición, e que conta cunha importante repercusión a nivel deportivo e mediático no circuito da modalidade.		
Subvención Acadada	14.000,00€		

7.

Nome do Evento	III REGATA AISTER-REGATA VILA DE BOUZAS-CTO DE PESCA RÍA DE VIGO		
Entidade Organizadora	Liceo Marítimo de Bouzas	CIF	G-36613081
Descrición do Evento	A entidade organiza dierentes probas na Ría de Vigo, acadando un importante número de participantes, e no caso da regata Aister e a regata Vila de Bouzas, cun importante nivel deportivo e de repercusión social e mediática na cidade.		
Subvención Acadada	6.500,00€		

8.

Nome dos Eventos	IX TRAVESIA A NADO		
	XXII TROFEO INTERNACIONAL DE NAVIDAD DE NATACION		
	IV CIRCUITO INTERNACIONAL DE VELA MONOTIPO PLATU 25		
	REGATA INTERNACIONAL RIAS BAIXAS DE CRUCEIROS		
	BANDEIRA CONCELLO DE VIGO DE TRAIÑAS		
	SEMANA DEL ATLANTICO		
	TROFEO EIXO ATLANTICO DE CRUCEROS		
Entidade Organizadora	Real Club Nautico de Vigo	CIF	G-36612752
Descrición dos Eventos	A entidade organiza unha serie de eventos que fomentan as actividades nauticas, acadando nalgnhas delas un nivel de rango Internacional, como é o caso da Regata Internacional Rías Baixas de Cruceros, a Bandeira Concello de Vigo de Traiñas, que acolle as mellores Traiñas do territorio Nacional ou as actividades incluídas na Semana do Atlántico, de gran repercusión mediática e social na cidade e cun elevadísimo número de participantes.		
Subvención Acadada	58.000,00€		

	ENTIDADE	CIF	NOME DO EVENTO	SUBVENCIÓN	DESCRIPCIÓN DO EVENTO-CRITERIO DESTACADO
1.	R.C. CELTA ATLETISMO	G-36945319	6º LIGA INTERCOLEXIOS DE ATLETISMO	4.000,00 €	Proba escolar de ámbito local e elevada participación.
2.	CELTA FEMENINO ATLETISMO	G-36927689	II CAMPUS DE VERAN DE ATL. "MENUDOS ATLETAS"	1.000,00 €	Actividade do fomento do deporte entre os máis pequenos.
			II TROFEO ALONSO POSADA		Competición de ámbito Galego, con participantes de elevado nivel deportivo e elevada participación.
3.	COMESAÑA SPORTING CLUB	G-36645257	XXX MEMORIAL BELLARMINO ALONSO DE CAMPO A TRAVÉS	4.000,00 €	Proba Federada de ámbito Galego de Campo a través.
4.	ANPA COUTADA BEADE	G-36316837	XXXII CROSS ESCOLAR	0,00 €	Cross escolar local, ó que a Concellería aporta trofeos e bicicletas.
5.	EL CASTRO S.-MIGUEL AD	G-36657856	CROSS ESCOLAR A.D. CASTRO SAN MIGUEL	300,00 €	Cross escolar de elevada participación e repercusión mediática.
6.	HELIOS SCDR	G-36633428	MARATON DA AMIZADE	0,00 €	Pequena actividade deportivo-social relacionada con obxectivos sociais.
7.	S.MIGUEL DE OYA ATLETISMO	G-36645018	XXXI TROFEO DE CAMPO A TRAVÉS SAN MIGUEL DE OYA	1.000,00 €	Competición non Federada de ámbito Galego.
8.	VIG-BAY CLUB CORREDORES	G-36862191	MEDIO MARATÓN GRAN BAHIA VIG-BAY	3.000,00 €	Proba atlética de ámbito nacional e gran repercusión mediática e social na cidade.
9.	VIGO CLUB ATLETISMO	G-36911055	4º CARREIRA POPULAR SAN SILVESTRE	0,00 €	Proba non Federada, coa que a Concellería colabora con trofeos.
10.	VIGUESA ATLETISMO AGRUPAC.	G-36645109	II TROFEO A.V.A. MEMORIAL EUGENIO TORRES	200,00 €	Competición de ámbito local coa que a Concellería colabora con Trofeos.
11.	ESCUADERIA RÍAS BAIXAS	G-36645398	10º RALLYE RIAS BAIXAS DE CLASICOS	4.000,00 €	Evento deportivo de gran repercusión mediática na cidade que fomenta a imaxe da cidade.
12.	RACING SPORT ESCUADERIA	G-36306009	2ª SUBIDA CIDADE DE VIGO	1.500,00 €	Evento deportivo de carácter nacional que fomenta a imaxe da cidade no territorio nacional.
13.	RACHAPLUMAS CLUB BADMINTON	G-27709550	III TROFEO CONCELLO DE VIGO DE BADMINTON	0,00 €	Competición de ámbito local coa que a Concellería colabora cos trofeos.

14.	SEIS DO NADAL DE BALONCESTO	G-36942142	I TORNEO INTERNACIONAL CADETE	1.800,00 €	A entidade organiza diferentes actividades relacionadas co fomento do deporte na base e o fomento do deporte femenino.
			TORNEO 25 ANOS EN COIA, NUCLEO BALONCESTO EN VIGO		
			IV CAMPUS INTERNACIONAL DE BALONCESTO		
			TORNEO 3X3		
			VI LIGA INTERNA DE COLEXIOS LINCO 2008		
			XORNADA PARTIDOS AMISTOSOS		
15.	LAVADORES BM	G-36810075	SECTOR FASE DE ASCENSO A 1ª NACIONAL FEMENINO	800,00 €	Evento de ámbito nacional e de fomento do deporte femenino.
16.	SD OCTAVIO	G-36907384	FASE FINAL CAMPEONATO ESPAÑA CADETE	500,00 €	Evento de ámbito nacional e de fomento do deporte na base.
17.	HALCONES DE VIGO	G-36933331	V TROFEO INTERNACIONAL CIDADE DE VIGO	1.000,00 €	Evento de carácter internacional.
18.	CELTA CLUB BOWLING	G-36685345	XI TORNEO INTERNACIONAL CIDADE DE VIGO	2.000,00 €	Evento de carácter internacional cunha elevada participación.
19.	VALLADARES CLUB BOLOS CELTAS	G-36881316	I TROFEO SAN CAMPIO DE PROMOCION DE BOLOS CELTAS	0,00 €	Evento de ámbito local co que a Concellería colabora coa entrega dos trofeos.
20.	SAUDADE POLIDEPORTIVO	G-36662344	CAMPEONATO DE ESPAÑA PESO CRUCERO.	600,00 €	Evento de carácter nacional.
21.	MEIXOEIRO CC	G-36720951	XIII TROFEO CICLISTA FIESTAS DE VIGO	2.000,00 €	A entidade organiza dúas probas, de ámbito local, pero cunha elevada participación.
			XX GRAN PREMIO CICLISTA MEIXOEIRO		
22.	RIA DE VIGO CC	G-36745107	TROFEO RIA DE VIGO	3.000,00 €	Evento de ámbito autonómico cunha elevada participación.
23.	TEIS CC	G-36754323	XVII GRAN PREMIO CICLISTA TEIS MEMORIAL PABLO MOREIRAS	1.000,00 €	Campionato non Federado de ámbito Galego e elevada participación.
24.	TRAVIESAS C.C.	G-36703213	XIV SUPER MARCHA CLOTURISTA CARBALLIÑO	0,00 €	Evento de deporte aficionado co que a Concellería colabora coa donación dos trofeos.
25.	ASPANAEX	G-36819779	XXV MARCHA ASPANAEX	0,00 €	
26.	F.G. DISCAPACITADOS	G-36784239	CAMPIONATO GALEGO DE BALONCESTO	400,00 €	Campionato oficial de ámbito Galego.
27.	EL OLIVO	G-36869873	CAMPEONATO GALEGO DE ESGRIMA 2008 JUVENIL E INFANTIL	400,00 €	Campionato oficial de ámbito Galego de categoría base.
28.	ARADELAS ESPELEOCLUB	G-36642247	IV CAMPEONATO ESPELEO CLUB ARADELAS DE PROGRESIÓN VERTICAL	1.200,00 €	Campionato de fomento da modalidade cunha elevada participación de deportistas e de ámbito nacional.
29.	ATLANTIDA MATAMA	G-36620854	TORNEO FESTA DAS NEVES	500,00 €	Campionato de categorías inferiores de ámbito local con elevada participación de deportistas.
30.	BALAIDOS CF	G-36737724	FIN TEMPORADA 2008	500,00 €	Eventos de fomento da modalidade. De ámbito provincial.
			II TORNEO DE VERÁN BALAIDOS FC		
31.	COYA CD	G-36753911	XV TORNEO DE BENXAMÍNS CD COYA	300,00 €	Competicións e actividades de fomento da modalidade e de baixa participación.
			XXVI TORNEO FIESTAS DE LA CONSOLACION		
			I TORNEO DE FUTBOL SALA CD COYA		

32.	FUTBOL F.G.	G-15055890	LXII COPA DE VIGO	1.000,00 €	Torneo de fomento da modalidade cun elevado nivel deportivo.
33.	LA GUIA CD	G-36645612	VII TROFEO C.D. LA GUIA	300,00 €	Competicións e actividades de fomento da modalidade e de baixa participación.
34.	NIETO CD	G-36687309	V TROFEO F. BASE MEIXOEIRO	300,00 €	Competicións e actividades de fomento da modalidade e de baixa participación.
35.	PRIMAVERA AD	G-36661305	ENCUENTRO INTERNACIONAL 18º ANIVERSARIO-JUVENTUS PEDROSO	300,00 €	Competicións e actividades de fomento da modalidade e de baixa participación.
36.	VALLADARES CCRAR	G-36617082	VIII TORNEO SAN CAMPIO DE FUTBOL	300,00 €	Competicións e actividades de fomento da modalidade e de baixa participación.
37.	AGR. DEPORTIVA VIGO	G-36651123	XI TROFEO CIDADE DE VIGO FUTBOL 7	0,00 €	Competicións e actividades de fomento da modalidade e de baixa participación coa que a Concellería colabora coa donación de trofeos.
38.	POLICIA LOCAL CD	G-36912459	VIII TORNEO DE FUTBOL 7 DE FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE	500,00 €	Torneo de ámbito provincial e elevada participación.
39.	RACING DE CASTRELOS FC	G-36710762	XII TORNEO DO CARAVEL	300,00 €	Competicións e actividades de fomento da modalidade e de baixa participación.
40.	RAPIDO DE PEREIRO CF	G-36874832	III TORNEO DE NADAL RAPIDO DE PEREIRO	300,00 €	Competicións e actividades de fomento da modalidade e de baixa participación.
41.	SAN ROQUE CASABLANCA	G-36763084	VIII TORNEO ARMANDO CAJARAVILLE-SAMIL	1.000,00 €	Competición de elevada participación, de ámbito provincial e elevada repercusión social.
42.	ASOC. PONTEVEDRA F SALA	G-36929347	COPAS DE F SALA	0,00 €	A Concellería aporta trofeos á competición.
43.	CALVARIO A. VV	G-80052174	TORNEO F-SALA O CALVARIO	0,00 €	A Concellería aporta trofeos á competición.
44.	CIOV VIGO FS	G-36795680	TORNEO CIOV VIGO	300,00 €	A Concellería aporta trofeos á competición.
45.	D.BOSCO A.D.	G-36895035	TORNEO FUTBOL SALA FIN DE TEMPORADA	0,00 €	A Concellería aporta trofeos á competición.
46.	MOSTEIRO BEMBRIVE FS	G-15055890	V TORNEO F. SALA BEMBRIVE ALEVIN FEMENINO	1.000,00 €	A entidade organiza actividades de fomento da modalidade, cunha elevada participación e co acento do fomento do deporte feminino.
			VII TORNEO MOSTEIRO FUTBOL SALA		
			VII TORNEO NADAL BEMBRIVE FUTBOL SALA		
47.	SAN XOAN FSB CD	G-36810315	XI TORNEO SAN XOAN	200,00 €	Actividade de fomento da modalidade e de baixa participación.
48.	VALLADARES CVC	G-36805158	V TROFEO MEMORIAL AGUSTIN DE CAT. INFERIORES	200,00 €	Actividade de fomento da modalidade e de baixa participación.
49.	VIGO 2015 FS	G-36982239	CAMPUS Y TORNEO INTERNACIONAL	200,00 €	A Concellería aporta trofeos á competición.
50.	VETERANOS DE TEIS	G-36916401	MEMORIAL HERMIDA	200,00 €	A Concellería aporta trofeos á competición.
51.	AEROCUBO DE VIGO	G-36610384	CAMPEONATO DE GOLF CONCELLO DE VGO	1,800,00 €	Campionato de ámbito nacional cunha elevada participación.
52.	ZANSHIN A.D.	G-36870160	IX TROFEO CIUDAD DE VIGO KARATE-KOBUDO	3.300,00 €	Campionato de fomento da modalidade, cunha gran participación e nivel

					deportivo.
53.	CIUDAD DE VIGO LOITA	G-36955565	II TORNEO INTERNACIONAL CLUB CIDADE DE VIGO	500,00 €	Competición de elevado nivel competitivo .
54.	EL CASTRO LOITA	G-36707586	XXIII TORNEO INTERNACIONAL DE LOITA EL CASTRO	500,00 €	Competición de elevado nivel competitivo.
55.	KUZUSHI	G-36696227	XVIII TROFEO NACIONAL CLUB KUZUSHI	500,00 €	Competición de elevado nivel competitivo.
56.	LOITA F.G.	G-36651081	COPA NACIONAL DE GALIZA DE LOITAS OLIMPICAS- JUNIOR E CADETE	500,00 €	Competición de elevado nivel competitivo.
57.	SAN IGNACIO CLUB DE LOITA	G-36708303	VII OPEN DE LUCHA SAN IGNACIO XXVIII ANIVERSARIO	500,00 €	Competición de elevado nivel competitivo.
58.	F.G. MOTONAUTICA	G-36663664	CAMPIONATO GALEGO DE MOTOS ACUAT. E EMB. NAUTICAS	1.200,00 €	Competición oficial de ámbito galego e elevado nivel competitivo.
59.	NATACION TRAVIESAS	G-36823524	FESTIVAL DE FONDO/FESTIVAL DE ESTILOS	300,00 €	Actividade de fomento da modalidade.
60.	RIAS BAIXAS NATACION	G-36827079	12 HORAS DE NATACIÓN	1.500,00 €	Competición de elevada participación e complexidade organizativa.
61.	COLISEUM A.D.	G-36812436	II INTERNACIONAL DE PADEL CIDADE DE VIGO	1.000,00 €	Competición Internacional de elevado nivel competitivo.
62.	CARPA	G-36645091	CAMPIONATO PROVINCIAL CADETE A SENIOR DE LIBRE E TÓDALAS FIGURAS OBLIGATORIAS CAMPIONATO PROVINCIAL DE NIVEIS	500,00 €	Campeonatos oficiais de base de ámbito provincial Galego.
63.	CASTRELOS PATINAXE	G-36811974	CAMPIONATO PROVINCIAL CAT. ALEVIN E INFANTIL	300,00 €	Campionato oficial de base de ámbito Galego.
64.	VALLADARES PATINAXE	G-36765733	C. GALEGO EQUIPOS SHOW /FASE PROVINCIAL TROFEO XUNTA DE GALICIA	300,00 €	Campeonato oficial de base de ámbito Galego.
65.	VIEJA ESUELA ROLLER	G-36571123	CAVIL 2008	200,00€	Campionato non federado de ámbito local.
66.	VIGUES DE PELOTA CD	G-36852820	X TROFEO CIDADE DE VIGO DE PELOTA VASCA 2008	0,00 €	A Concellería aporta os trofeos da competición.
67.	BARREIRO PETANCA	G-36804763	XXVI 24 HORAS DE PETANCA	100,00 €	A Concellería aporta os trofeos da competición.
68.	CELTA PETANCA	G-36805417	IV 24 HORAS CLUB PETANCA CELTA	0,00 €	A Concellería aporta os trofeos da competición.
69.	ENSINO PETANCA	G-36798866	II TORNEO INTERNACIONAL DE PETANCA CONCELLO DE VIGO	2.000,00 €	Competición Internacional de elevado nivel competitivo e gran complexidade organizativa.
70.	FLORIDA CLUB PETANCA	G-36792711	XIV 24 HORAS CLUB PETANCA FLORIDA	100,00 €	A Concellería aporta os trofeos da competición.
71.	OS MUIÑOS PETANCA	G-36727246	XV 24 HORAS	0,00 €	A Concellería aporta os trofeos da competición.
72.	XESTAS ACD	G-36628543	IV TORNEO NACIONAL CIUDAD DE VIGO	2.000,00 €	Competición Internacional de elevado nivel competitivo e gran complexidade organizativa.
73.	CORUXO REMO	G-36726750	VIII BANDEIRA CORUXO DE TRAINERAS	4.000,00 €	Competición de ámbito nacional, de gran arraigo na cidade e repercusión social e mediática elevada.

74.	VIGO SQUASH	G-36929511	CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO	900,00 €	A entidade organiza varias actividades ó longo do ano, de fomento da modalidade, de fomento do deporte feminino, de ámbito local, autonómico e nacional.
			COPA GALIZA FEMENINO		
			CTO ESPAÑA SUB 13 E SUB 17		
			LIGA DE VIGO 2008		
75.	PRADO SURF CLUB	G-36850014	O MARISQUIÑO	7.000,00 €	Actividade de enorme repercusión mediática e social, que acolle a deportistas de talla internacional.
76.	CLUB ARQUE-ROS NITO RUIZ	G-36807881	CAMPEONATO GALLEGO DE AIRE LIBRE VET, SENIOR, JUNIOR E CA-DETE	400,00 €	Campionato oficial de ámbito Galego.
77.	AGARIMO SAN XOAN POULO	G-36641355	I COMBINADA AGARIMO	0,00 €	Actividade coa que a Concellería colabora aportando trofeos.
78.	CORUXO FC	G-36708212	II TORNEO FUTBOL 7	2.000,00 €	A entidade organiza diferentes actividades relacionadas co fomento das modalidades nas que participa, destacando o Cidade de Vigo de Patinaxe, de elvada participación e de fomento do deporte feminino.
			II CAMPUS FUTBOL SALA		
			CAMPIONATO GALEGO DE FIGURAS OBRIGATORIAS DE PATINAXE ARTISTICA		
			III TORNEO CIDADE DE VIGO DE PATINAXE ARTISTICA		
79.	EL OLIVO-FUTBOL Y FUTBOL SALA FEMENINO	G-36704666	V CAMPUS DEPORTIVO DE FUTBOL FEMENINO	1.500,00 €	Actividade de fomento do deporte feminino.
80.	GIMNASIO CLUB SIMON KICK BOXING	G-36886901	1º TORNEO GALEGO DE K1 FULL CONTACT	200,00 €	A Concellería aporta os trofeos da competición non federada.
81.	C. MERCANTIL E I. DE VIGO	G-36614097	COMPETICION E TORNEOS PRIMAVERALIGAS PADEL PRIMAVERA-VERANO-OTOÑO-INVIERNO	800 €	Actividades de fomento de modalidades con un alto nivel de participación
82.	HOGAR SAN ROQUE	G-36647311	D. BOSCO	300,00 €	A entidade organiza actividades de base de fomento da modalidade.
			FESTAS COLEXIAIS		
			FIN DE TEMPADA		
			TROFEO SAN ROQUE		
			X ENCONTRO DEPORTIVO SALESIANO-FIN TEMPADA		
83.	MONTAÑEROS CELTAS	G-36637890	TRAVESIA VILABOA/COSTA DA VELA	500,00 €	Actividades de fomento da modalidade na base.
			INICIACIÓN Á ESCALADA		
84.	SPECIAL OLYMPICS GALICIA	G-15771777	XII XOGOS AUTONÓMICOS DE NATACIÓN	400,00 €	Actividade de ámbito Galego, de potenciación das actividades para deportistas discapacitados.
85.	TAMIAR APAMP	G-36657450	TOMA DE TEMPOS SLALOM/3ª XORNADA DE LIGA BOCCIA	400,00 €	Actividade de ámbito Galego, de potenciación das actividades para deportistas discapacitados.

86.	VIGO VOLEI-BOL	G-36658219	COPA GALICIA DE VOLEIBOL	900,00 €	Competicións oficiais de ámbito Galego e nacional.
			FASE DE ASCENSO A 1ª DIV. NACIONAL		
87.	AGRUPACIÓN XOGARA	G-36655033	DEPORTE É SÓ DEPORTE	200,00 €	Competición de ámbito Local.
88.	ESCOTA	G-36807022	CTO GALEGO MATCH-RACE VELA ADAPTADA	400,00 €	Actividade de ámbito Galego, de potenciación das actividades para deportistas discapacitados.
89.	MARITIMO DE CANIDO	G-36630127	TROFEO OUTONO	800,00 €	Competición de elevada participación de ámbito Galego.
90.	PLAYA DE VIGO CLUB VOLEI	G-36990109	TORNEO CIDADE DE VIGO DE VOLEI PRAIA	100,00 €	Torneo de ámbito Galego de fomento da modalidade.
91.	FIT SPORT VIGO CLUB	G-36988947	CTO PROVINCIAL DE WU SHU INFANTIL	300,00 €	Competición oficial de base de ámbito provincial.
92.	A.D. MIÑOCA	G-36990430	TORNEO DE AJEDREZ	200,00 €	Competición de baixa participación de ámbito local.
93.	DOCTOR FLEMING XADREZ	G-36893782	5º TORNEO DE XADREZ	200,00 €	Competición de baixa participación de ámbito local.
94.	FEIRA CABRAL A. VV.	G-36729796	TROFEO PEON DE OURO	200,00 €	Competición de baixa participación de ámbito local.
95.	XADREZ LUCENA	G-36893154	II TORNEO INTERNACIONAL DE XADREZ CIDADE DE VIGO	2.500,00 €	Actividade de fomento da modalidade e de elevada participación.
96.	FLIC-FLAC	G-36931582	Festival de Nadal 2008	300,00 €	A entidade organiza varias actividades de fomento da modalidade, acadando unha elevada participación.
			Torneo Trampolín Flic-Flac		
			Campus acrobático de verán		

57(1440).- AXUDAS SOCIO-SANITARIAS CON CARGO Ó FONDO SOCIAL DO ANO 2008. EXPTE. 18442/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.09.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autoriza-lo abono das axudas especiais con cargo ó Fondo Social (segundo bases de distribución, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 18 de febreiro de 2008), e resolución do alcalde-presidente de data 10 de setembro do 2008, de modificación orzamentaria núm. 75/08, polo que se incrementa este apartado de axudas socio-sanitarias na contía de 90.000,00 € e que importa un total de 227.124,00 €, distribuídos entre os empregados municipais, segundo relacións remitidas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social que comeza por D. José Ballesta de Diego e remata por D. Manuel Vallejo Rincón coas cantidades que constan en dita relación que se achega no expediente.

2º.- Denegar a concesión de axudas socio-sanitarias aos funcionarios que na relación que se achega se contempla en cada un dos diferentes grupos polos motivos que se especifica para cada un deles.

58(1441).- SEGUNDA MODIFICACIÓN DA VIXENTE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO NO EXERCIZO ECONÓMICO DO 2008. ADECUACIÓN RETRIBUTIVA DOS POSTOS TIPO DE OFICIAL SEPULTUREIRO, VIXIANTE DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, POLICÍA LOCAL E OFICIAL DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 18224/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.09.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

A vista do informe da Intervención Xeral de data 9 de setembro de 2008, contido no expediente 18224-220, a técnica que suscribe emite a seguinte ampliación de informe e proposta de resolución:

È obxecto do expediente a adecuación retributiva proposta para os postos de traballo de xefe de equipo do servizo de cemitérios, oficiais sepultureiros, vixiantes de instalacións municipais e oficiais e policías da Policía Local, pertencentes os grupos de titulación D e E do cadro de persoal, para o exercicio 2008 en canto as retribucións complementarias fixas e periódicas (complemento de destino e complemento específico) que supón un incremento total de 714067,12 €, segundo as xustificacións contidas no informe dos técnicos de organización e RR.HH do Servizo de Persoal de data 12 de agosto de 2008.

As liquidacións a efectuar a seguridade social en concepto de cuotas ao cargo do empregador estimase sexan por un importe aproximado de 215.000,00 € que deberán aboarse con cargo a partida 313.1 1600000

En canto as modificacións de crédito a realizar polo órgano competente para a materialización do acordo proposto serían:

Partida de baixa: 121101210100 “Fondo de Adequación dos postos de traballo

Partidas a incrementar:

- 433.0.1300000: 26071,87 €
- 222.2.120.0000: 242578,70 €
- 222.2.1210000: 399209,65 €
- 422.0.1300000: 46206,90 €

A vista de todo canto antecede a funcionaria que suscribe, PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, coa conformidade do Concelleiro delegado de Xestión Municipal, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral:

Primeiro: Modifica-la Relación de Postos de Traballo do persoal ó servizo do Concello de Vigo en canto aos postos de xefe de equipo do servizo de cemitérios, oficiais sepultureiros, vixiantes de instalacións municipais e oficiais e policías da Policía Local, pertencentes os grupos de titulación D e E do cadro de persoal, para o exercicio 2008 en canto as retribucións complementarias fixas e periódicas (complemento de destino e complemento específico) que serán as seguintes:

Policia Local: Complemento de Destino : 16. Complemento específico: 152

Vixiante de Instalacións Municipais: Complemento de destino: 14 Complemento específico: 162

Oficial Policía Local: Complemento de destino: 18 Complemento específico: 141

Oficial Sepultureiro: Complemento de destino: 17 Complemento específico: 157

Xefe de Equipos Cemiterios: Complemento de destino: 17 Complemento específico: 157

Segundo: Para o actual exercicio económico 2008, a adecuación retributiva proposta terá efectos retroactivos ó 1 de xaneiro de 2008, para o cal se autoriza un gasto de 714067,12 € con cargo á partida 121101210100 “Fondo de Adequación dos postos de traballo” dos vixentes presupostos municipais” segundo a distribución recollida no Anexo I que forma parte do presente acordo.

Terceiro: Aprobar as guías de funcións dos postos de “Policia Local”, Oficial da Policia Local” e “Vixiante de Instalacions Municipais” que figuran como Anexo II do presente acord.

Cuarto: Autorizar e comprometer os gastos polos importes correspondentes a adecuación retributiva proposta anteriormente e os correspondentes a cuotas de seguridade social estimadas en 215.000,00 €.

Quinto: Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda a realización das transferencias de crédito que correspondan para a materialización efectiva do acordo.

Cuarto: Para posibilitar o cumprimento no futuro das obrigas económicas que se derivan do presente acordo, deberáse incluír nos orzamentos do ano 2009 crédito presupostario específico e en contía suficiente ou, no seu caso, de prorrogarse os correspondentes ó ano actual deberán levarse a cabo as modificacións presupostarias necesarias mediante a baixa de créditos adscritos a prazas de cadro de persoal a amortizar e isto na contía que sexa necesario.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

59(1442).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO LOCAL PARA AS UNIDADES DE ACCIÓN SOCIAL DE CASTRELOS, LITORAL E COIA. EXPTE. 33671/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 10.09.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar provisionalmente a Feyju Galicia, S.L. o procedemento negociado con publicidade das obras de acondicionamento do Local para as unidades de acción social de Castrelos, Litoral e Coia. (Expte.33671-301) por un prezo de 450.000 euros, incluída a execución da totalidade das melloras relacionadas no apartado 28.4 da FEC. Todo iso de acordo co proxecto e pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 28-07-2008 e a oferta presentada ”

60(1443).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS DE FERRETERÍA. EXPTE. 50894/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 12.06.08, conformado polo enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras, polo interventor xeral e pola xefa do Servizo de Fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de subministro de áridos adxudicado á mercantil PABLO VAL, S.L. “ con data 23 de abril de 2007 correspondente o período 22 de xaneiro 2007 a 30 de abril 2008, que segundo informe do INE supón un 6,5% de incremento de todos os prezos unitarios dos materiais incluídos no contrato.

A revisión será de aplicación polo tanto a tódolos materiais de construción subministrados polo contratista a partires do 1 de maio de 2008.

61(1444).- PROPOSTA O CONCELEIRO DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL CON RESPECTO AO ABOAMENTO DE RETRIBUCIÓNS NA NÓMINA DE PERSOAL MUNICIPAL DO MES DE SETEMBRO.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta da proposta do concelleiro de Xestión Municipal, de data 15.09.08, que di o seguinte:

Que para garantir o cobro das percepcións económicas derivadas dos expedientes de adecuación retributiva de postos de traballo, axudas con cargo ao fondo social e aplicación do artigo 23 do convenio (Servizo de extinción de incendios) se proceda a efectuar aquelas excepcionalidades que fosen necesarias na nómina do persoal municipal correspondente ao presente mes de setembro.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

62(1445).- DAR CONTA DA SITUACIÓN DA PUBLICIDADE SUSTENTADA NAS FAROLAS DE ALUMEADO PÚBLICO.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dª. Isaura Abelairas pon en coñecemento da Xunta de Goberno local que, como responsable da Concellería Delegada de Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, non ten asinado ningunha autorización para a colocación de publicidade nas farolas do alumeado público.

63(1446).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING PARA DESENVOLVER O PROGAMA DE DINAMIZACIÓN XUVENIL “VERÁN DE LECER”. EXPTE. 2291/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 26.06.08, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración que se achega, entre o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUCTOR FLEMING C.I.F. G 36709004, por importe de 7.192,50 € (SETE MIL CENTO NOVENTAEDOUS CON CINCOENTA) EUROS para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o verán do 2008, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.489.00.00.

2º.- Que se libre a cantidade de 3.596,50 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio , e o 50% restante (3.596,50 €) á finalización do mesmo.

3º.- Que se faculte á concelleira delegada de xuventude para a sinatura de dito convenio

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DO PROGRAMA VERÁN XOVE 2008 DA CONCELLARÍA DE XUVENTUDE.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello a 2008

REUNIDOS

Dunha parte, A concellería delegada de Xuventude Dña. Iolanda Veloso Ríos, en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dn.Alberto Blanco Martinez con D.N.I. 36.101.081 M, como presidente da ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, C.I.F G36709004

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN

O fomento do asociacionismo xuvenil é un dos exes de traballo da Concellaría de Xuventude, co que se pretende potencia-la participación dos xoves, apoiando iniciativas das asociacións e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Así , entre os obxectivos a conquistar coa sinatura do presente convenio están:

- A dinamización do tecido asociativo.*
- Favorecer a consolidación e autonomía das asociacións.*
- Crear espazos de participación xuvenil*
- Colaborar cos axentes soais para conquistar unha política xuvenil global que dé resposta ós problemas e inxedanzas d@s xoves*
- Fomentar a participación e o asociacionismo xuvenil e favorecer a consolidación de iniciativas que den resposta á xuventude non asociada*
- Canalizar as propostas dos e das xoves hacia a Administración e hacia a propia sociedade.*
- Sensibilizar á opinión pública sobre os problemas específicos da xuventude.*
- Proporcionar os instrumentos que den resposta ás demandas dos e das xoves para o desenrrolo dos seus obxetivos tanto individuais como colectivos.*

Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING no barrio, así como a necesidade que ten esta Concellaría de desenvolver actividades de verán para a ocupación do ocio e tempo libre dos mozos e mozas do barrio, cara á conciliación da vida laboral e familiar , consideramos apropiado a súa inclusión como entidade colaboradora no desenvolvemento de actividades de dinamización xuvenil dentro do programa de actividades denominado Verán Xove 2008, que esta Concellaría ofertará á poboación viguesa.

A.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude ,e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa que figura no ANEXOII do presente convenio.

B.- Que a ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, recoñece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera á citada asociación, como entidade óptima para a súa colaboración na execución dunha das actividades incluídas no programa Verán Xove 2008 que esta Concellaría oferta á poboación viguesa.

C.- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude viguesa.

D.- Que a ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING non está incurso nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 LXS (artigo 13 LXS).

ESTIPULACIÓNS.-

PRIMEIRA - A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ; as normas de desenvolvemento da LXS que se aproben, nos termos da súa aprobación; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo paro a o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A presente subvención é incompatible coa percepción de outras para a mesma finalidade.

En canto á subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme o establecido no artigo 29 da LXS, estando autorizada a subcontratar con terceiros a execución de actividades de carácter excepcional que non constituían a totalidade do obxecto da subvención, como poden ser: actuacións, viaxes para as visitas e excursións e festas e animacións especiais.

Esta subvención ten un claro carácter de interés público e social dado que a actividade a desenvolver vai dirixida á ocupación do ocio e tempo de lecer dos nenos e nenas con idades comprendidas entre os 7 e 12 anos, dun xeito lúdico e formativo, polo que a sua concesión se acolle o previsto no artigo 22 2C da Lei 38 de 2003 da LXS. dada a importancia que ten esta actividade a nivel socio-educativo cara a poboación infantil e xuvenil.

SEGUNDA- O Excmo. Concello de Vigo comprometese a:

2.1- Autorizar o desenvolvemento do programa de Verán de Lecer , incluído dentro da programación Verán Xove 2008 desta Concellaría de Xuventude.

2.2.- Aboar á ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING a cantidade de 7.192,50 € (SETE MIL CIENTO NOVENTA E DOUS CON CINCOENTA) EUROS pola organización e desenvolvemento do programa Verán de Lecer , con cargo á partida 4520.227.06.12 “ campamentos do Verán” do orzamento en vigor. Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (3.596,50 €) e outro do 50% restante (3.596,50 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

TERCEIRA.- Corresponderá ao CONCELLO DE VIGO, a traveso da Concellaría de Xuventude:

1.- Aboar a cantidade de 7.192,50 € á ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING mediante transferencia bancaria á conta corrente número 20800132190040014400 de CAIXANOVA.

2.- Garantir a prestación adecuada das actividades e servizos. Para elo, o persoal técnico da Concellaría de Xuventude será o encargado do seguimento da execución e coordinación da actividade obxecto do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

CUARTA. -A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR.FLEMING , deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias , así como a avaliación e a memoria económica da actividade, todo elo en disquete, formato word.

QUINTA.- A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, asume as seguintes obrigas:

a.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.

b.- Presentar no Concello os informes e documentación esixida na cláusula terceira e sexta do presente convenio .

c.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.

d.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

e.- Abor as taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .

f.- O sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o Concello.

SEXTA. No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo resérvase o dereito de interpretación do mesmo.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte do beneficiario das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.

SEPTIMA O seguimento da execución do presente Convenio será realizado polo Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.

A Concellaría de Xuventude, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

OITAVA. A aceptación por parte da ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUCTOR FLEMING da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades Xuvenís sen fin de lucro.

O Servizo de Xuventude, como órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa actividade subvencionada.

Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais , poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS

A entidade ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUCTOR FLEMING deberá comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para o organización da actividade obxecto deste convenio.

NOVENA. Gastos subvencionables, xustificación, comprobación e abono da subvención.

- *Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade (art. 31 LXS) e recollidos no orzamento presentado pola ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUCTOR FLEMING, incluídos os gastos financeiros correspondentes á actividade obxecto de subvención.*
- *A subvención de 7.192,50 € aboarase en dous pagos. Un do 50% á sinatura do presente convenio trala súa aprobación, e outro do 50% restante unha vez rematadas as actividades obxecto de convenio. O beneficiario xustificará a concesión otorgada coa presentación dunha conta xustificativa que contencará:*
 - 1. Unha relación clasificada dos gastos realizados, con identificación do acreedor, concepto de gasto, importe e data de emisión.*
 - 2. Facturas orixinais dos gastos incorporados na relación anterior, nas cales deberá constar a conformidade co servizo prestado, por parte da entidade.*
 - 3. Un certificado actualizado doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade, con indicación do importe e a súa procedencia.*
 - 4. Declaración xurada da entidade beneficiaria, na que se acrediten os seguintes extremos:*
 - * Que os xustificantes dos gastos que se presentan foron aplicados á actividade subvencionada.*
 - * Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
 - * Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
 - * Declaración doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade con indicación do importe e a súa procedencia.*
 - *Declaración de encontrarse ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ós efectos da aplicación no momento do pago do réximen simplificado previsto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia*
- *A Xefa do Servizo de Xuventude será a encargada do seguimento do convenio certificará a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.*

O prazo máximo para xustificar será de tres meses desde o remate da actividade subvencionada.

5.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.

6.- O presente convenio terá duración ata o 31 de agosto do 2008.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comenzo.

ANEXO I

As actividades a desenvolver dentro do programa de dinamización xuvenil pola Asociación de Veciñal Dr. Fleming son as seguintes:

- *Verán de Lecer. Drixido a nenos e nenas de 5 a 14 anos, durante o mes de xullo en horario de 10:30 a 13:30 hs, e dous días de 10:30 a 19:30hs.(achégase programa).*
- *O número de prazas correspondentes a esta actividade que se ofertarán dentro do programa municipal de Campamentos de Verán, será de 120 (60 por quenda).*
- *O orzamento que debe destinar a Concellaría de Xuventude a esta actividade ascende a 7.192€.*

64(1447).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.